

infraestruturas

Comeza o proceso de peonalización da praza de Santo Domingo. **Pax. 2**

sociedade

Liñares, condenado a máis de catro anos por suborno e prevaricación. **Pax. 15**

economía

O Mitma abre na cidade o primeiro asentamento do Ineco en España. **Pax. 17**

entrevista

Concha Carballés Vázquez é a presidenta da Asociación de Veciños do Vilar. **Pax. 18**

deportes

Preparados o CD Lugo e o Breogán para a nova tempada, coa lista de fichaxes pechada. **Pax. 30**

O ocaso do Garañón

O derrube da construción entra na última fase malia os atrancos



A proposta festivaleira estival do 2023

O que queda de verán concentra numerosas citas musicais na provincia. **Pax. 12**

As marabillas que agocha a provincia

Reportaxe sobre a variedade de paisaxes para conectar coa natureza e coñecer paraxes. **Pax. 20-21**

Ferramentas tecnolóxicas gratuítas

A Deputación proporcionará a 52 concellos medios para a súa modernización. **Pax. 22**

Urban Tour 2.0



Lugo acollerá o 10 de setembro esta cita coa cultura urbana. **Pax. 7**

Sociedade Filmarmónica



Entrevista a Antonio Prado, historiador, profesor de Historia e escritor. **Pax. 8**

Club Fluvial



O responsable de piragüismo explica a historia deste deporte en Lugo. **Pax.31**

Salvatierra
ABOGADOS

CONCIERTE CITA Y CONSÚLTENOS SIN COMPROMISO

Tel.: 982 227 783 • San Roque, 14-20. Entlo. izda. - LUGO

TAMBIÉN ON-LINE

salvatierraabogados@salvatierra-abogados.es

Despacho en: FOZ • VIVEIRO • LUGO

Reclama de forma gratuita los gastos de tu hipoteca
¡100% GRATUITO, SIN COSTES!

¿Quién puede reclamarlos?

Todo aquel que tenga o haya tenido un préstamo hipotecario. Tanto si su hipoteca está activa, como si ya ha vendido su casa o si ha realizado renovaciones sobre el préstamo inicial.

¿Qué se necesita?

Tan solo se necesita aportar los siguientes documentos de gastos:

1. Factura de la NOTARÍA correspondiente a la Escritura de Préstamo Hipotecario.
2. Gastos de TASACIÓN de la vivienda.
3. Factura del REGISTRO DE LA PROPIEDAD por la inscripción de la Hipoteca.
4. Gastos de GESTORÍA, siempre que se haya impuesto por parte del banco.

Adega reclama ao Fluvial que segue sen dar acceso ao Miño

O colectivo ecoloxista Adega acusa ao Club Fluvial de non respectar o acceso de servidume para acceder ao río Miño.


“O Club Fluvial leva dende o 28 de abril de 2022 sen concesión para a ocupación do dominio público hidráulico, e sen cumprir coa resolución de extinción emitida pola CHMS, que lle obriga a demoler e retirar as obras e instalacións situadas no dominio público hidráulico do río Miño, así como a deixar expedita a zona de servidume para uso público. Nesta situación de absoluta irregularidade, ADEGA vén de coñecer que o Club Fluvial solicitou unha nova concesión para uso e ocupación do dominio público hidráulico do río Miño diante da CHMS, para o que redactou un novo proxecto no que

propón a eliminación unicamente do valado das canchas deportivas, do torno da zona de piragüismo e da piscina infantil para deixar libre, hipoteticamente, o acceso á zona de servidume do río Miño”, explican. Porén, desde Adega rexeitan este novo proxecto do Club Fluvial por canto segue sen garantir o acceso á zona de servidume do río Miño, “ao non contemplar a eliminación de todas as infraestructuras que a día de hoxe ocupan irregularmente o dominio público hidráulico, como son as canchas deportivas e todo o valado e cancelas que acordan o recinto do Club na zona de servidume do río. Así mesmo, este proxecto oculta a situación de ilegalidade na que se atopan varias infraestructuras executadas polo Club Fluvial”.

Veciños da Milagrosa solicitan a reparación da rúa Divina Pastora

A Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais Distrito da Milagrosa solicitou á Concellería de Mobilidade e Infraestructuras Urbanas do Concell de Lugo, que acometa a reparación do pavimento da rúa Divina Pastora da capital lucense, e máis concretamente, da figura en forma de estrela situada no medio da mesma.

Os veciños queixanse da deterioración actual da mesma, coa consecuente mala imaxe que ofrece para os viandantes -e turistas- que diariamente circulan por esta zona do barrio da Milagrosa, que concentra tanto a escolares, como pais ou avós, ademais de numerosas persoas -tan-



to veciños de Lugo como visitantes que gozan das terrazas situadas na mencionada rúa.

Comezan as discutidas obras de peonalización de Santo Domingo

Deron comezo os traballos de sinalización do Plan de Tráfico que rexerá as obras de peonalización de Santo Domingo nas primeiras fases da intervención que se concentrarán na rúa do Teatro.

Co obxectivo de evitar o maior grado de afectación posible, o Concello de Lugo comunicou xa ás persoas residentes nesta contorna cales serán os principais cambios que experimentará o tráfico durante as 16 semanas que durarán os labores, aínda que – como xa sucede nos outros dous proxectos en marcha neste momento na rúa Montevideo e na Praza de Ferrol – se trata dun plan aberto que recolle a previsión inicial e que poderá ser modificado tanto para incorporar as demandas da cidadanía como as solucións a posibles contratemplos, propios de calquera obra, que xurdan co avance das tarefas.

A actuación na rúa do Teatro (fases A e B) terá unha duración estimada de catro meses durante os cales se pretende mudar a configuración desta vía para convertela, en consonancia da transformación que experimentará posteriormente a praza de Santo Domingo, nunha plataforma única e inclusiva que permitirá o acceso a todas as persoas sen que existan resaltes.

Igualmente, procederá á renovación do alumeadado e da rede de abastecemento así como do mobiliario público, incorporando elementos vexetais que melloren a calidade do espazo ao tempo que se realizará unha posta en valor do patrimonio arqueolóxico existente.

En canto ás variacións de tráfico pre-



vistas para estas dúas fases, as e os peóns poderán circular sempre pola rúa do Teatro a través dun itinerario seguro, libre de obstáculos e adaptado para o uso de cadeiras de rodas. O acceso ás vivendas e locais comerciais estará garantido e o acceso aos garaxes mantense, na medida do posible, en todo momento, a excepción de traballos puntuais que serán comunicados cun mínimo de 48 horas de antelación.

Ambas fases contemplan, igualmente, o acceso ao aparcadoiro privado de rúa do Teatro e ao público da Pr. Santo Domingo.

LUGO MONUMENTAL. Lugo Monumental remitirá ao Concello as 2.000 firmas recollidas en dúas semanas en defensa das zonas verdes do centro histórico.

Da mesma forma Lugo Monumental trasladará ao Concello a súa preocupación polos solados de Rúanova, que se están deteriorando a unha velocidade alarmante (nos últimos días houbo un afundimento fronte á porta de Rúanova que entraña

perigo), e preguntará se os de rúa San Marcos están deseñados para soportar todo o tráfico rodado. Tamén solicitarán que se balice o paso dos vehículos en San Marcos.

PLATAFORMA. Representantes do Concello reuníronse coa Plataforma veciñal para expoñerlles diferentes aspectos das obras en curso.

Durante o encontro, o edil lles confirmou que o Goberno local respectará os seus desexos de conservar a fonte de San Fernando no seu emprazamento actual. Ademais, será o eixe principal dunha nova área axardinada, creada ao efecto, diante do Cuartel.

Así mesmo, comunicáronselle ao colectivo as proporcións nas que se ampliarán, tal e como sempre se dixo, o número de zonas verdes. De maneira que na rúa Montevideo e vías adxacentes, se pasará de 192 m² a 474 m², con 41 árbores máis, ademais de papeleiras e aparcabicis, mentres que na Praza do Ferrol haberá 1.194 m² de zonas verdes, fronte aos 1.081 m² actuais.



PROMEDISA
SUMINISTROS MÉDICOS

COMPRA ON LINE



FISIOTERAPIA Y REHABILITACIÓN • VIDA DIARIA • ENSEÑANZA • HIGIENE
APARATOS DIAGNÓSTICO • GRÚAS • DESCANSO • EMERGENCIAS • MOVILIDAD









COMPRA ON LINE

www.promedisa.com

Avda. de A Coruña, 104 Bajo - LUGO Tel.: 982 245 715
Avda. Terra Chá, 50 Bajo - CASTRO RIBERAS DE LEA. Tel.: 982 310 374

Arroxo anuncia o asfaltado de varias vías na Croa e en Galegos

O Concello continúa a coa renovación dos espazos públicos de Lugo con novos asfaltados na Croa e na zona de Galegos. A solución executada pola Concellería de Infraestruturas consiste na creación dunha nova baseada en mestura asfáltica en quente, o que asegurará o selado do firme ante a acción da auga superficial, garantindo que a intervención sexa duradeira. Unha vez rematado o asfaltado, renovarase a sinalización horizontal.

Na Croa actuouse na Travesía da Croa, unha vía perpendicular ao Camiño da Croa que dá acceso a varias vivendas, cunha lonxitude de preto de 25 metros. Na zona de Galegos, renovouse o asfalto da zona final da Rúa do Cuco, de preto de 70 metros.

LAMAS DE PRADO. Rubén Arroxo explicou que “nas vindeiras semanas finalizará a renovación do asfaltado da rúa Lamas de Prado, posto que existen diversas zonas onde se presentaban importantes danos que era necesario reparar”.

As zonas en peor estado, onde as tapas do saneamento están afundidas e serán reparadas, corresponden a puntos localizados no cruce con Juana la Loca, no de Dona Urraca, no da rúa López Guntín, e no cruce coa rúa dos Gardas.

“Nas tapas de rexistro do saneamento, debido ao mal estado das mesmas, será necesario realizar unha reparación completa” indicou Rubén Arroxo, polo que será necesario demoler o pavimento de formigón de arredor da tapa e dispoñer dunha nova tapa, incidiu.

AQUILINO IGLESIA. Os servizos técnicos do Concello de Lugo están a traballar no proxecto da segunda



fase da renovación integral da rúa Aquilino Iglesia Alvariño, na contorna de Lamas de Prado.

Os servizos técnicos da área de Mobilidade e Infraestruturas traballan na mellora das actuais zonas peonís

da rúa, continuando co executado xa no primeiro treito da mesma. Renovarase o mobiliario urbano e seguirase traballando no aumento do número de árbores instaladas na zona.

Comeza a ordenación na Louzaneta co plan para soterrar as liñas de media tensión

O Goberno de Lara Méndez continúa a dar pasos na urbanización do sector da Louzaneta, desbloqueando así a súa ordenación, afectada durante moitos anos por diversos cambios normativos.

Deste xeito, logo de manter varios encontros coa veciñanza para poñer en común as súas inxerencias e abordar, da man dos técnicos municipais, as solucións técnicas máis convenientes, o Concello procedeu a realizar un estudo sobre a situación actual de cada un deles co fin de acadar que os terreos se adapten ao establecido legalmente para poder ser recibidos pola Administración local.

Un obxectivo, segundo lembrou

a rexedora, que esixía de diversas subsanacións entre elas o soterramento das liñas de Media Tensión existentes en todo o sector.

A alcaldesa deu orde de iniciar xa os trámites para comezar a redacción do Proxecto de Obra Civil necesaria para proceder ao soterramento das devanditas liñas áreas que teñen afectación nos polígonos 1, 2 e 3 e que permitirá acometer, posteriormente, a execución dos traballos. Explicou, así mesmo, que o documento deberá incorporar tamén o correspondente cálculo das repercusións económicas que esta intervención terá para cada polígono en función do aproveitamento lucrativo dos mesmos.

Rehabilitan a ponte tradicional de Saa

A área de Transición Ecolóxica e Impulso Rural, que dirixe o tenente de alcaldesa Miguel Fernández, está a executar labores de reconstrución e mellora nunha ponte tradicional anexa ao muíño de Barreiro, na parroquia de Saa.

O Concello investiu 52.722 euros nesta obra, cuxo remate se estima a mediados do vindeiro mes de agosto.

“O seu estado actual era deficiente polo que procedemos a acondicionala rehabilitando a zona central, así como parte dos muros de acompañamento dos estribos, ademais de refacer novamente os pretils, hoxe inexistentes”, explicou o concelleiro.

Deste xeito, a zona da ponte sobre o leito refarase por completo, namentres que o resto será reconstruído só parcialmente, xa que o núcleo se atopa en bó estado. Proxéctase, así mesmo, a rexene-



ración dos muros tradicionais – con pedra similar á existente – e o paso da auga, que se executará con lousas de pizarra de gran tamaño para resistir o peso dos vehículos. Tamén se substituirán os pavimentos existentes con formigón desactivado sobre zahorra e solo seleccionado.

Penas anuncia a instalación de catro novas marquesiñas

O equipo de Goberno vén de adquirir novas marquesiñas para o bus urbano. Alexandre Penas explicou que adquiriron 4 novas, cun investimento de 31.460 €, que se instalarán nas paradas situadas na rúa da Industria (frente ao Gadis), no polígono das Gándaras (frente a Audi), en Xosé Castiñeira (frente ao conservatorio) e na Estrada nova de Santiago.

A concellería de Infraestruturas Urbanas traballa tamén na ampliación da marquesiña situada xunto ao HULA, cun investimento de 17.908 €.



HERMANOS CASTEDO

SERVICIOS

- RECONSTRUCCIÓN DE TEJADOS VIEJOS
- TODO TIPO DE CUBIERTAS DE PIZARRA
- CUBIERTAS DE PANEL SANDWICH
- TODO TIPO DE MEDIANERAS
- VENTANAS VELUX - CANALONES
- VENTA DE TODO TIPO DE PIZARRA
- IMPERMEABILIZACIONES

Crta. Lugo - Fonsagrada, km.4 (Barbain) O CARQUEIXO - Lugo
Castedo, 13 - CASTROVERDE (Lugo) - Tels.: 982 231 874 / 610 558 035 - pizarrascastedo@hotmail.com

Arroxo anuncia a instalación de luminarias en Ramón Ferreiro

O Tenente Alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, informa da contratación da obra renovación das instalacións de alumado público da medianeira da rúa Ramón Ferreiro. Trátase de farois de deseño que, segundo Arroxo, “se están a repintar na súa totalidade, o que levará sobre unha semana”, explica.

A obra comezouse polo lado máis aproximado ao centro e rematarase á altura da sede de Tráfico situada na mesma rúa. Unha vez rematada a pintura, cambiarase a LED de todas as luminarias da medianeira, “traballo que se comezaron hoxe e previsiblemente estarán rematados nos primeiros días de agosto”, informa Rubén Arroxo.

O Tenente Alcalde resalta tamén que se “está a estudar, por parte dos técnicos municipais” a pertinencia de cambiar, a continuación, a iluminación en altura da rúa Ramón Ferreiro, que “afecta tanto aos laterais coma ao propio tránsito”, insiste.

Rubén Arroxo indica que o Concello “segue traballando na renovación das luminarias nas principais rúas da cidade e nos barrios para acadar unha maior visibilidade e eficiencia” que mellore a calidade de vida dos

e das lucenses e que acade un importante aforro na tocante á factura eléctrica.

LAMAS DE PRADO. Arroxo explicou que “nas vindeiras semanas finalizará a renovación do alumado da rúa Lamas de Prado dende Camiño Real ata o cruce coa rúa Filgueiro, avanzando na instalación de alumado LED de baixo consumo”. Este cambio, declarou, “permite unha boa capacidade lumínica reducindo as emisións de substancias contaminantes emitidas á atmosfera pola rede de alumado público da cidade”.

O Goberno de Lugo renova o alumado cambiando luminarias obsoletas de vapor de sodio a alta presión de 150W por luminarias tipo LED cunha potencia media de 92W, “conseguindo un incremento da eficiencia enerxética, así como un aforro considerable da enerxía consumida, cun consumo de 16.065 kWh menos”, explicou Rubén Arroxo.

As novas luminarias a instalar contan con drivers programables que, segundo indicou o Tenente Alcalde, “permiten incrementar o aforro nas horas nas que o tráfico rodado e peonil é baixo”.



PAVIMENTOS. O PP solicitou a renovación do pavimento de caucho dos parques infantís dxa que en moitos deles o pavimento presenta fendas de varios centímetros de profundidade. Quéixanse do estado do Marcos Cela, Aquilino Iglesias Alvaríño, praza de Alacante ou ao lado da Escola Ramón Falcón

Comeza a construción do primeiro Ecoparque en Campo Castelo

O Centro Histórico de Lugo disporá proximamente do primeiro Ecoparque urbano da cidade. É na Praza do Campo Castelo onde arrincaron os traballos de remodelación integral desta céntrica área de xogos.

A intervención ten o obxectivo de crear un novo espazo de lecer aberto e integrador que favoreza a convivencia en harmonía coa contorna na que se atopa, mediante unha solución arquitectónica que adaptará o espazo para o goce das familias e do conxunto da cidadanía, rompendo co concepto de parque pechado que existe agora.

Combinará o ecodeseño do que sería puramente unha instalación infantil con outros recursos urbanos, de espaxamento, visuais e paisaxísticos que axudarán a resolver os límites espaciais do recinto coma se estes foran unha extensión cara a Casa Consistorial e a



Praza Maior – subliñou – ao tempo que ampliaremos o recinto en máis 70 m², incrementando a súa funcionalidade dende un punto de vista inclusivo.

Nestes sentido, as escaleiras serán substituídas por ramplas, e os cerramentos, tanto deste parque como do recinto infantil próximo, serán moito menos invasivos adoptando unha configuración de murete

revestido simulando madeira, que exercerá de banco para favorecer a socialización.

A accesibilidade e a sostibilidade serán as dúas premisas transversais da actuación, xa que todo o mobiliario procede da reciclaxe de plásticos e terá certificado de baixa pegada de carbono, cumprindo así os obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda 2030.

Renovan con peticións veciñais o parque do Castiñeiro

O Concello comezou o proceso no Castiñeiro de rexeneración do parque. A actuación, inclúe, ademais da ampliación da área de xogos – que se incrementará en 250 m² – a creación dun novo espazo humanizado con bancos e papeleiras para a estancia dos pais e avós.

A rexedora incidiu en que no deseño se tiveron en conta, fundamentalmente, as peticións dos e das usuarias, “de xeito que, respectando a súa vontade, as e os máis pequenos poderán gozar de tres xogos principais, entre eles dúas torres diferenciadas por idades, unha para os pequenos de ata 5

anos e outra segunda pensada para o goce de nenos e nenas de ata 12 anos, así como un rocódromo e unha tirolina”.

Estes xogos serán inclusivos, para permitir a socialización pero tamén adaptados para nenos e nenas con distintas capacidades. Incluiranse, así mesmo, elementos de abalo para uso individual e grupal, así como asentos xiratorios con deseño especial para crianzas con trastorno do espectro autista.

Os traballos suporán un investimento de 352.342 euros e terán un prazo de execución de catro meses.

Substituirán os ollos de gato do Centro Histórico por pintura

O Concello procedeu a substituír por pintura reflectora os ollos de gato que se instaloron temporalmente para diferenciar a zona peonil do tránsito rodado no Centro Histórico mentres duren os traballos de peonización da contorna.

Trátase dunha medida que responde á petición formulada pola Plataforma veciñal do barrio. Os ollos de gato son elementos de prevención que se colocaron na fase inicial das obras como delimitadores entre o espazo destinado a viandantes e as áreas habilitadas para a circulación do tráfico co obxectivo de garantir a seguridade das e dos peóns.

HONDA XL750 Transalp

Motolugo
CONCESIONARIO OFICIAL HONDA

TRANSALP
Las montañas te llaman.

Camiño Real, 125. 27004 Lugo
Telf: 982 21 57 31
Móvil: 698 17 91 81

erika pilates center

Pilates en grupos reducidos - Pilates preparto - Pilates postparto
Abdominales hipopresivos - Yoga

Calle Perpétuo Socorro 10-12, bajo. 27003 Lugo
Telf: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es

O derrube do edificio principal do Garañón entra na última fase

A empresa adxudicataria dos traballos de demolición do Garañón comezou xa cos traballos efectivos do derrube da torre principal, tras finalizar os da outra.

O proceso de demolición comezou no mes de abril, co levantamento topográfico que permitiu á empresa organizar e planificar as tarefas, sempre en condicións de seguridade para o ámbito no que se está actuando. Aínda que estas se paralizaron durante unhas horas polo xulgado retomáronse para continuar malia os diferentes atrancos que se impuxeron a modo de denuncias e peticións de paralización. A última delas acusando ao empresa de non reciclar os materiais segundo a legalidade.

Demoleranse en total 37.796'49 metros cúbicos que equivalen a 14.868



metros cadrados de superficies construídas, que están a causar moita espectacular entre a veciñanza. Primeiro elimináronse as fábricas de ladrillo das fachadas á vez que se quitou o illamento da torre nordeste e se eliminou o material que illa as fachadas e os teitos de forxados do bloque noroeste (de dez plantas

sobre a rasante da cota máis baixa) para, seguidamente, ir eliminando os pórticos en sentido descendente, de forma progresiva.

Finalmente, a última parte será a de retirada e desentullo de todo o material. A propia parcela se empregará para a provisión dos elementos demolidos.

Comezan no barrio do Carme as obras de rexeneración integral

O proceso de recuperación e rexeneración do barrio do Carme xa está en marcha. Comezaron xa as obras de peonalización e humanización da praza e a rúa do Carme, actuación que mudará por completo a faciana do espazo público que vertebra este emblemático barrio da cidade. A intervención, que ten un prazo de execución de 5 meses, supón un investimento de 552.213 euros e non se limita unicamente á profunda transformación urbana do Carme, senón que posibilitará a dinamización económica e social deste punto estratéxico da urbe onde conflúen dos nosos Patrimonios da Humanidade, a Muralla e o Camiño Primitivo.

Os traballos de peonalización, totalmente respectuosa coa contorna, contempla unha plataforma unitaria que integrará a rúa do Carme co xardín, a Capela e o Museo, para gañar



espazos e darlles máis amplitude, atendendo a criterios de embelecemento e de seguridade vinculada coa perspectiva de xénero. O ámbito da intervención, que abarca case tres quilómetros de superficie, comprenderá tamén as travesías Noriega Varela e do Carme e a senda peonil que une Noriega Varela coa praza, por detrás da Capela.

Os actuais firmes se substituirán por un pavimento de formigón desacti-

vado cor gris granito, que tamén se utilizará na senda peonil, aínda que noutras tonalidades máis similares ao aspecto actual. O obxectivo é empregar a cor como factor diferenciador entre o espazo do viario mixto (de prioridade peonil) e o estritamente reservado a viandantes para garantir a seguridade viaria.

De forma complementaria se levará a cabo o acondicionamento dos xardíns e instalarase mobiliario urbano.

A CHMS cede á USC o Muíño de Olga para divulgación científica



José Antonio Quiroga, presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), e Antonio López, reitor da Universidade de Santiago de Compostela, rubrican o acordo que posibilite a cesión do uso do Muíño de Olga, propiedade da CHMS, en favor da USC, co interese de poñer en valor e potenciar o coñecemento dos ríos e das infraestruturas hidráulicas asociadas á auga desde a antigüidade.

A CHMS executará as obras necesarias para conseguir a adecuada finalidade do edificio, eliminando os feísmos desta contorna tan privilexiada ao bordo do río Miño, á beira da Acea de Olga e situado nun municipio tan arraigado á historia e ao patrimonio fluvial.

Pola súa banda, a USC dotará de contido esta infraestrutura para o seu uso como punto de divulgación científica e de transferencia de co-

ñecemento. “Hai que lembrar que as Universidades teñen entre as súas funcións, a difusión, a valoración e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida e do desenvolvemento económico e social, polo que consideramos que esta cesión terá un uso adecuado de difusión da cultura tradicional, da historia e do valioso patrimonio etnográfico co que conta a nosa Comunidade Autónoma” incidiu o presidente.

O acordo contén o compromiso de destinar a devandita instalación a actividades de divulgación dos equipos docentes e grupos de investigación vinculados sobre todo ao Campus Terra da USC, especialmente os dedicados a hidroloxía, xestión dos recursos do fluviais, flora e fauna acuáticas, construcións tradicionais ou etnografía” engadiu o reitor.



MAIORES. Un operativo, no que participaron efectivos do Parque Móbil municipal e do Servizo de Protección Civil e da Policía Local, procedeu á retirada dos restos vexetais que permanecían ancorados nas pilastras da Ponte Vella.

¿ESTÁS PENSANDO EN HACER UNA REFORMA?

outlet
sótano

GARANTÍA DE CONFIANZA
COMERCIO LOCAL

azulejos, porcelánicos
& muebles de baño

“CON POCO HACES MUCHO”



APROVECHA LA OPORTUNIDAD
SOLO HASTA FIN DE EXISTENCIAS

+ 3.000 m² AZULEJOS
PORCELÁNICOS 6€ +IVA

SÓTANO OUTLET 681 19 36 05 - 982 30 46 00 CONTURIZ - LUGO www.sotano.es

Xunta e Concello firman a cesión dos espazos públicos do polígono das Gándaras

A Xunta cedeu ao Concello máis de 20.300 metros cadrados de espazos públicos localizados na terceira fase do parque empresarial das Gándaras, unha vez rematados os traballos de urbanización nesta zona por parte de Xestur.

Así, cedeu tres rúas, unha zona de reserva viaria e unha praza pública, cuxo elemento principal é a garita de vixilancia do antigo polvorín, unha construción histórica que foi trasladada pola Xunta con motivo das obras e reconstruída na súa localización actual.

Todos estes espazos pertencen á fase III de desenvolvemento do polígono lucense, na que preto do 65% das 25 parcelas dispoñibles xa

están vendidas ou reservadas, tal e como subliñou a vicepresidenta segunda. De feito, indicou que a semana pasada o consello de administración de Xestur acordou adjudicar 4 parcelas a 3 empresas por un prezo de venda total de 234.900 euros, descontada xa a bonificación do 50% que aplica a Xunta neste parque.

As empresas adjudicatarias destinarán estes terreos a almacenamento de maquinaria e materiais do construción; a transporte e distribución de gasóleo; e a un taller para a transformación de pedra, mármore e derivados e almacén de granitos, cuarzos e porcelánicos —2 parcelas neste caso—.

O PP realiza unha proposta para mellora a accesibilidade a veciños do Sagrado Corazón

O Partido Popular presentou á veciñanza que reside no número 16 da rúa Sagrado Corazón “unha proposta para mellorar a accesibilidade ao seu portal que está ubicado nun vial que comunica as rúas do Sagrado Corazón e Fontaneira”, a vía que linda co peche do antigo colexio do barrio e que ten varios tramos de escaleiras antes de chegar á entrada principal dun edificio onde residen 21 familias.

Segundo o PP “para facer a intervención é preciso levar a cabo unha segregación da parcela e a posterior cesión ao Concello do vial que, segundo figura no PXOM, é vía pública e comunica dúas rúas”. Deste xeito,

“a administración local asumiría a execución de dúas rampas para eliminar as barreiras arquitectónicas que hai na actualidade no paso e que se podería financiar a obra con cargo á partida anual para obras de accesibilidade” anuncian.

De rexeitar esta alternativa os veciños do edificio afectado “terían que asumir os gastos do proxecto para facer rampas nos tramos das escaleiras e tramitar axudas da administración autonómica que financia ata o 60% do importe total”.

Elena Candia e Ramón Cabarcos coincidiron coa veciñanza na necesidade de facer unha intervención neste punto .

O canil de Frigsa será un lugar de reunión para a comunidade canina

En apenas tres meses a comunidade canina de Lugo disporá dun moderno recinto de socialización e espaxamento en Frigsa.

Un espazo totalmente renovado, con relación ás instalacións existentes agora, que estará equipado con grandes prestacións, entre elas un circuito de agility - composto de balancín, slalom e túnel para o lecer e amaestramento dos animais - e unha zona de lavado e peiteado.

A alcaldesa Lara Méndez informaba do inicio das obras de reforma do canil sito no parque da Milagrosa ás que o Concello, dende a área de Transición Ecolóxica que dirixe Miguel Fernández, destinará 95.724 euros.

Logo de reparar as depresións do terreo e as eivas que actualmente presenta o céspede, se aproveitará o movemento de terras para colocar un novo sistema de rega e drenaxe. Habilitaranse dúas áreas estanciais tipo parklet, con bancos e papeleiras, unha delas cuberta cunha estrutura tipo pérgola que protexa da intemperie e permita o seu uso durante todo o ano en condicións de



confort.

Así, “todo o ámbito terá unhas dimensións proporcionadas, con espazos amplos para a convivencia, nos que en todo momento se manterá a visibilidade. Disporá de boa iluminación, de dobre porta de acceso de peche automático e de bancos cubertos na parte inferior para evitar que as mascotas poidan lesionarse. Así mesmo, o chan será de pavimento brando nas zonas de xogo”, indicou a rexedora.

O recinto contará cun cerramento vexetal mentres que o chan será na súa meirande parte de xabre com-

compactado, conservándose unha zona verde no perímetro sueste.

Instalarán novas papeleiras apropiadas para a recollida dos residuos que se xeran nas instalacións e habilitarase unha zona de limpeza animal, composta de bañeira e mesa así como dispensador de luvas e bolsas refugables que facilitarán o aseo das mascotas.

Neste espazo colocarase unha superficie pétreo para evitar que, unha vez lavados, os cans volvan ensuciarse e facilitar a limpeza e desinfección por parte dos servizos municipais.

REQUE. No Lugar de Reque, un terreo a carón do río Rato, a área de Artesanía e Deseño ven desenvolvendo desde 2022 un proxecto permacultural pioneiro no ámbito públicos. En xuño construíse un estanque que aproveita a auga do pozo da finca. O estanque súmase á espiral de aromáticas e á illa de compostaxe que se realizaron nos últimos meses e avanza na configuración dun xardín permacultural. O proxecto continuará coa creación dun bosque comestible, bancais de plantas medicinais, un camiño sensorial e un baño composteiro.





CONSULTA DE NUTRICIÓN CLÍNICA

Estamos enfocados en una alimentación **consciente y no centrada en el peso.**

Nuestro objetivo es que consigas una **buena relación con la comida** y ayudarte a mantener unos **buenos hábitos** que se adapten a tu estilo de vida.

Porque **aprender a cuidarte** es **aprender a quererte.**

Información:

604 117 812

Conócenos y pide cita en:

✦ Doctoralia : Susana Vizo

Círculo das Artes, 1B LUGO





PROYECTOS CONSTRUCTIVOS RÍO MIÑO S.L

Estrada Coruña 132 -27003 Lugo www.occhipelle.com

tlfno: 982 21 52 20 - 609 80 26 48


reforma - construcción - diseño



Rafael de Vega deu a benvida á nova edición do Culturban

A rúa Rafael de Vega acolle a exposición itinerante que amosa todas as obras realizadas nas catro edicións celebradas ata o de agora dentro do festival de arte urbana Culturban. A área de Cultura organizou unha actividade para dar comezo a este festival que contou coa animación musical do artista David Taboada.

A concelleira de Cultura, Maite Ferreiro, destacou o éxito das intervencións do festival, algo que “converte a Lugo nun lugar vangardista, participativo e amable” e que aposta polo talento das e dos artistas cunha recoñecible traxectoria como é o caso de Mon Devane, premiado co Mellor mural do mundo do 2022. O primeiro mural desta nova edición do festival homenaxea ao doutor Rafael de Vega, represaliado e asasinado pola ditadura. O seu creador, o artista ourensán Mon Devane, representou ao médico na forma do Deus romano da curación realizando unha modernización do mito nun encontro entre mitoloxía e modernidade. A temática que se plantexa é, polo tanto, relacionada coa medicina e a sanación, ao reinterpretar ao propio deus Esculapio. Maite Ferreiro destacou que “co Culturban damos desde a área de Cultura un novo espazo ás propostas de arte emerxentes, achegando unha canle de difusión ás novas propostas artísticas e achegando novas ofertas de lecer á veciñanza”. Ferreiro lembrou tamén que “o Culturban deste ano volverá con máis murais en distintas zonas da cidade, xunto cunha nova edición do Combate Mural e máis intervencións”. A concelleira de Cultura destaca a importancia que este proxecto



cumprirá a hora de fomentar a arte socialmente responsable, vencellada á comunidade e á súa identidade e cultura que “dignifica a arte de rúa como expresión artística e ferramenta lúdica”.

NOVO MURAL. O artista ourensán Mon Devane rematou o mural enmarcado dentro do festival Culturban situado en Rafael de Vega que homenaxea ao doutor represaliado que lle dá nome á rúa. Está na forma do Deus romano da curación, o

que é unha modernización do mito nun encontro entre mitoloxía e modernidade.

A temática plantexada é, polo tanto, relacionada coa medicina e a sanación, como non podía ser doutro xeito nunha rúa que leva por nome ao recoñecido cirurxán. A reinterpretación do deus Esculapio foi realizada cunha base de pintura plástica e acabado con pintura en aerosol, cunha paleta monocromática con predominio dos tons turquesas.

Lugo acollerá en setembro o ‘Urban Tour 2.0’

En setembro celebrárase a iniciativa Urban Tour 2.0 organizada pola área de Xuventude e que será “un encontro xuvenil relacionado coa música urbana e as batallas de galos, no que se visibilizará o esforzo, arte e creatividade que se esconde detrás desta disciplina artística”, explicou o edil Jorge Bustos.

A iniciativa contará con dúas vertentes: unha formativa, a través de 4 obradoiros con un mínimo de 10 participantes por grupo, impartidos por profesionais con experiencia acreditada.

Estes obradoiros desenvolveranse o domingo 10 de setembro de 16.00 a 20.00 horas; e contarán cunha parte práctica, que consistirá nunha batalla de galos con 32 participantes, o día previo, sábado 9 de setembro. Esta parte contará coa participa-



ción do artista lucense LE33 como speaker, cun DJ experimentado neste tipo de eventos, un xurado formado por 3 membros e 32 participantes (8 por invitación directa seleccionados polos seus méritos a nivel nacional, 8 seleccionados por votación popular e 16 seleccionados a través dun casting).



PREMIO. O mural da Castrexa, obra de Yoe33, foi elixido como o mellor mural do mundo do mes de xuño na plataforma Street Art Cities tras facerse co maior número de votos polo que a muller que representa os antepasados da cidade de Lugo está agora nun escaparate internacional. A Castrexa foi elaborada polo artista Manuel Pallín e naceu co obxectivo de ser o contrapunto do aclamado Julio César de Diego As.

estudios arel DIGALICIA Formación Digital

WWW.DIGALICIA.ES

672 06 33 31

PROGRAMA DE FORMACIÓN EN TRANSFORMACIÓN DIGITAL

PARA: DIRECTIVOS Y RESPONSABLES DE DEPARTAMENTO

AGENTES DEL CAMBIO (TRABAJADORES Y OCUPADOS)

EXCLUSIVO GRATUITO PRÁCTICO

estudios arel DIGALICIA Formación Digital

DIRECTIVOS TRANSFORMACIÓN DIGITAL

PROGRAMA GRATUITO

DIRECTIVOS Y RESPONSABLES DE DPTO. DE UNA PYME DE ENTRE 10 Y 249 EMPLEADOS

LAS PRIMERAS EMPRESAS INSCRITAS POR UN EXPERTO EN DIGITALIZACIÓN, EN LA PROPIA EMPRESA

MÁS INFORMACIÓN: 672 06 33 31 DIRECTIVOS@DIGALICIA.ES

“A Sociedade Filarmónica é unha das expresións culturais máis importantes”

Antonio Prado, historiador lucense, profesor de Historia e escritor, vén de publicar unha obra pola conmemoración dos 50 anos deste colectivo

Comezando polos inicios, quen é Antonio Prado Gómez?

Antonio Prado é un lugués profesor de Historia durante moitos anos no Lucus Augusti, antes en Sarria, que se dedicou á historia desde que rematou a carreira de Filosofía e Letras. **Como xorde a súa paixón pola historia en xeral e pola de Lugo en concreto?**

Por que investigar sobre Lugo, que é o que fixen en toda a miña vida profesional? Porque Lugo era a miña cidade e sempre tiveron a intención de facer unha tese de doutoramento sobre a cidade e grazas aos meus contactos e conversacións con Ramón Villares, puideron facela sobre a Deputación de Lugo, que no século XIX era unha institución que dominaba todo o ámbito local en cuestión de economía, administración, exército e tamén en cuestión de cultura e a partir de aí descubrín que Lugo fora a cidade onde se implantou o primeiro Instituto Liberal no 1842.

Por que en Lugo?

Porque en Lugo había unha sociedade económica activa, había un grupo liberal activo e había un apoio persoal que era o do Marqués de Rodil, un lugués de Castroverde que, nese momento, era presidente do Consello de Ministros. Neste caso influíu para que viñera aquí o primeiro Instituto Liberal de Galicia, o que hoxe se chama Lucus Augusti.

A partir de aí empezou o meu interese por descubrir a historia do instituto e como resultado publiqué un vídeo sobre iso hai 15 anos máis ou menos. Despois do instituto, a miña opción cultural máis importante, o que máis me atraía coñecer desta cidade, é esta institución na que

estamos agora, o Círculo das Artes, porque é a sociedade que desde 1855 marcou a vida cultural e recreativa da cidade de Lugo. O Círculo das Artes foi ata fins do século XX a única sociedade que mantivo un ritmo cultural enorme e que foi referente recreativo e cultural de todos os lugueses. Entón, empecei a facer a historia, aínda inédita, desta casa que ten moito que dicir. E esas son as tres liñas principais de investigación, que están enlazadas: primeiro Lugo, logo a Deputación, o instituto e o Círculo das Artes.

Por que esta liña da cultura?

Porque cada vez que lía algo da historia contemporánea de Lugo dicía que Lugo fora un baleiro cultural e non é certo. É dicir, Lugo desde mediados do século XIX, cando asume a súa conformación como capital de provincia, ten polo menos dúas vertentes culturais importantes. Unha delas é o xornalismo, non podía ser un baleiro cultural unha cidade que a fins do século XIX e principios do XX ten catro ou cinco xornais porque iso significa que había lectores e polo tanto había vida cultural. E por outra banda, había algo complementario, a tradición musical. Tiveron, incluso, en 1890 a idea de constituír unha sociedade de escritores e artistas e aí estaba Castro López, Oureliano J Pereira, persoas relevantes no mundo xornalístico. E dentro dos músicos, nada menos que Xoán Montes, o músico por excelencia da cidade, ou Alonso, un violinista famoso. Entón, se polo menos había escritores e músicos, Lugo non estaba tan baleiro culturalmente. E por ese atractivo de que Lugo sempre tivo algún referente

cultural, foi polo que me impulsou a seguir esa liña da cultura e da educación.

Ten publicados artigos, obras de investigación, colaboracións con institucións... Como se compaxina a vida de escritor coa de profesor de instituto?

Cando estás dedicado á docencia non podes facer moito, pero escribín máis no momento no que me xubílei no ano 2016, que tiña todo o día dispoñible para investigar e escribir, iso foi fundamental para poder ter máis resultados. Iso permitiu traballar sobre a historia do Círculo das Artes, sobre a Sociedade de Escritores e Artistas de Lugo, sobre a Liga de Amigos de Lugo, sobre a Sociedade Filarmónica Lucense... sobre un montón de asuntos culturais que me permitiron, a través sobre todo da prensa, descubrir como era e como actuaban

Cal diría vostede que é a súa preferida, a de profesor, a de investigador ou a de escritor?

Teño que dicir que non estou despegado totalmente do labor do instituto e hai algo que me interesa particularmente do instituto Lucus Augusti, e é o seu patrimonio, a súa antigüidade, a súa idiosincrasia... é un instituto cun gran patrimonio educativo, entón esa é outra das liñas que traballo: descubrir os libros, obxectos... que teñan referencia histórica e conserva aínda o instituto porque ao ser decano de Galicia, ten esa posibilidade. Eu tiña rematada o ano pasado a historia do Círculo das Artes e era unha sociedade que estudaba desde 1855 ata 1985, porque achegarse demasiado no estudo das sociedades é un asunto delicado



porque hai persoas vivas implicadas. **Falando da Filarmónica, de onde vén o seu interese por investigar sobre esta entidade lucense?**

Hai un par de anos, Xulián Parga comentoume a posibilidade de facer a historia da Filarmónica e ao principio díxennlle que iso era labor dun musicólogo, que eu non o era, que eu era historiador da cultura, pero el sabía que eu escribía sobre o Círculo das Artes e a relación do Círculo coa Filarmónica foi moi intensa, tan intensa que incluso se podería dicir que a Filarmónica naceu no Círculo, porque un dos seus directivos, Abel Corredoira, foi o gran promotor individual da Filarmónica e o Rocho Musical, a asociación que se conformou coa Filarmónica, tiña transcendencia aquí. Por outra banda, o Círculo fora a institución que mantivera a vida musical de Lugo e de aquí fora músico e pianista Xoán Montes, Sariñena, e polo tanto a vida música do Círculo non se perdeu nunca. Xulián Parga animoume a facer a historia da Filarmónica con esa perspectiva histórica e cultural.

A obra que acaba de publicar, A Sociedade Filarmónica de Lugo, fálenos dela. Como podería resumir o seu contido?

De forma breve, poderíamos dicir

que a Filarmónica é o resultado da tradición cultural musical de Lugo anterior. No século XIX hai dous elementos que propician o mundo musical lucense. Un deles é o coralismo. Formábanse unhas institucións de carácter asociativo, recreativo e cultural paralelamente aos movementos do rexeneracionismo e rexionalismo e polo tanto destacaban a identidade cultural de cada zona onde se conformaban esas corais. En Lugo conformáronse varias, mesmo houbo un teórico, Isidoro Blanco, que publicou no segundo xornal de Lugo, no Correo de Lugo, en 1860, unha serie de artigos sobre as corais e da súa importancia que tiñan estas institucións como mobilizadoras do ambiente musical das poboacións. En Lugo empezou a conformarse unha estudantina en 1878 e un ano despois creouse o Orfeón Lucense, no 1879, con Xoán Montes como gran promotor, e logo en 1887 conformouse o famoso Orfeón Galego, que andou por todas partes en España participando con moito éxito en festivais, polo que ese Orfeón Galego marcou a vida cultural da cidade ata Guerra Civil. Tamén xurdiron outras agrupacións, como Cantigas e Flores, unha serie de asociacións entre os anos 16, 22,



¡Ven a conocernos!

Calle Dinan 1-3, Lugo



CONSULTA DE ESPECIALIDAD


MEDICINA FELINA


ODONTOLOGÍA


DERMATOLOGÍA


NUTRICIÓN

- MEDICINA INTERNA
- MEDICINA PREVENTIVA
- CIRURXÍA
- DIAGNÓSTICO por IMAGEN
- PRUEBAS LABORATORIALES
- Identificación con MICROCHIPS
- URGENCIAS/HOSPITALIZACIÓN
- PELUQUERÍA canina y felina
- CONSULTA A DOMICILIO
- TRANSPORTE A CLÍNICA
- ALIMENTACIÓN
- ACCESORIOS

Cita previa **982 46 50 65** Urgencias **655 36 97 33**

¿Conoces realmente tu piel?

Nuevo paradigma en el cuidado de la piel

¡Diagnóstico y tratamiento personalizado y gratuito!

Es importante conocer cómo funciona la piel para poder darle el cuidado que necesita. La piel es el mayor órgano de defensa de nuestro organismo, sin embargo, desconocemos cómo funciona, que necesita y cómo podemos potenciarla, si realmente quieres aprender a cuidar tu piel y deseas conocer las herramientas adecuadas... participa en nuestros talleres y tu piel te lo agradecerá. Encuentra soluciones reales y eficaces trabajando desde la causa y no desde el síntoma. contribuyendo a que la fisiología de la piel haga su papel, conócela y actúa con responsabilidad, respeto y conocimiento.

- ¿Te has preguntado por qué más del 90% de la población sufre de alguna alteración en la piel?
- ¿Conoces el pH de tu piel?
- Piel grasa, seca o mixta... ¿son síntomas o causas?



Una Piel Bella es una Piel Sana

¡TE ESPERAMOS EN VERXEL!

Solicita tu diagnóstico y tratamiento gratuito e inscríbete en los diferentes talleres y Master Class que hemos preparado para ti y tu piel.



Montero Ríos, 41 27002 - Lugo. Tel.: 982 251 827
 josemanuel@verxel.es www.verxel.es

48... foron asociación que trataban de revitalizar esa idea do coralismo. Polo tanto, o coralismo foi o primeiro elemento de recordo musical.

E o segundo foi, teño que volver a dicilo, o Círculo das Artes. Porque aquí desde 1855, desde a súa creación, a música foi unha das actividades máis importantes. Os músicos demandaban música e existía un pianista continuo que daba todas as semanas recitais. Ademais, traían orquestras e intérpretes de primeirísima fila. Aquí actuou Albéniz cando era neno, ou Brindis de Salas ou Manolo Quiroga... Ese ambiente musical mantívose todo o século XIX e a primeira parte do XX. Cando chegamos aos anos 30, eses dous elementos conflúen e no Círculo das Artes.

No ano 1946, inmediatamente despois da Guerra Civil, este Rocho Musical e Abel Corredoira deberon tomar a idea de crear una asociación musical que se chamará Filarmónica de Lugo. Era un momento moi difícil para España, pero a música funcionaba neses anos como un elemento de esquecemento das tristuras da vida diaria, como o cine. Por exemplo, o cine en Lugo promocionouse precisamente nos anos 40 con salas como o Cine España, o Cine Vitoria, o Central Cinema, para ofrecer á xente a posibilidade de esquecerse do mal que vivían, igual que a música.

No ano 1946 creouse ese caldo de cultivo propicio para crear a Filarmónica e na Filarmónica constituíuse a primeira directiva. O presidente era Abel Corredoira, pero dentro del había unha representación intelectual moi interesante de músicos, como Moreno Fuentes ou Gustavo Freire, un dos primeiros directivos da Filarmónica. E xunto con eses músicos, aparte doutros nomes, tamén intelectuais da cidade moi significativos como Luís Pimentel ou Celestino Fernández de la Vega.

A Filarmónica confórmasse como un ente musical, pero tamén cultural.

A partir de aí, a Filarmónica comeza a súa vida pero mantendo a vida musical intensa. Traen as mellores



orquestras, os mellores intérpretes, e onde celebran os seus concertos? Aquí, no Círculo das Artes, que se presta moi xenerosamente a cederlle como auditorio o seu salón de actos. E ata hoxe, así sigue.

Que é o máis destacable para vostede destes 50 anos que leva en funcionamento a Sociedad Filarmónica Lucense?

Eu creo que o máis destacable é manter a chama musical na cidade. A Filarmónica soubo adaptarse a distintos cambios, por exemplo, en 1967 colaboraría coa organización das Semanas Musicais do Corpus Lucense dunha forma moi directa, polo tanto, nas outras vertentes que seguían na cidade e noutras formas que xurdiron no século XXI a Sociedade estaba presente sempre apoiando esa dinámica musical. Outra vertente foi as excursións musicoculturais que se organizaron algunhas no século XX pero a maior parte xa no XXI, entón visitábase un lugar significativo culturalmente e alí se daba un concerto. Hai que dicir que a Filarmónica non practica música, é dicir, desde o momento en que nace, nace cun criterio: escoitar, e non para facer; unha asociación que pretende

traer a mellor música a Lugo, non facer músicos. Aínda que se se forman agrupacións musicais, ela deféndese e promóciónas e apóiaas, pero o obxectivo inicial e permanente nos seus propios estatutos fundacionais non é facer música, é escoitar música. Aínda que sobre todo nos 10 primeiros anos tivo a súa propia agrupación musical que era aquel Rocho Musical que colaborou con Abel Corredoira para constituíla e varios músicos participaron activamente na vida da Filarmónica, obri-

gados a facer polo menos un par de concertos ao ano. Moi poucas veces saíron deste recinto, sempre foi así porque o Círculo foi moi xeneroso á hora de ofrecerlle o auditorio e tiñan intercambios culturais moi intensos. Polo tanto, este sempre foi o lugar de recepción, agás en excepcións: por obras, por algunha continxencia particular, actividade que tivera o Círculo comprometida... pero iso foi excepcional.

O que dicían os estatutos é que había que celebrar polo menos seis concertos ao ano, pero iso sobrepasouse sempre. De feito, sobrepasouse dobrándoo como mínimo. O normal era que se celebrasen 12 ou 15 durante moito tempo. A media, en xeral, é de 10 por ano. No ano 2001 levaban 500 concertos e no ano 2021 celebrábase o 700 concerto. 700 concertos entre 70 anos dá unha media de 10 por ano, pero non quere dicir que todos os anos houbera 10, ás veces 7, ás veces 15, dependía da actividade da propia directiva.

Que outras figuras representativas desta entidade podería comentar?

Creo que algunha persoa máis merece a pena recordar. Por exemplo, o presidente Inocencio Fraga Losa-

da, foi un presidente moi activo dos anos 60 e 70, moi activo e extraordinariamente xeneroso, porque se prestaba a poñer diñeiro do seu peto persoal para ter orquestras ou intérpretes. Logo outra persoa foi o presidente Trigo, que foi desde o ano 1973 ata hoxe, máis de 50 anos. Outra persoa foi quen me invitou a facer o libro, Xulián Parga, un extraordinario melómano, un activo cultural da cidade moi importante e hoxe a Xosé Luis Díaz, que é un secretario da Filarmónica moi activo e mantén a liña cultural anterior. Moitas persoas, dinamizadores culturais de Lugo tiveron que ver coa Filarmónica, por certo, Alvarellos, Celestino Fernández de la Vega... En definitiva, a Filarmónica é unha das expresións culturais máis importante que ten a cidade no século XX e XXI.

Quere engadir algo máis que lle pareza importante?

Quero desexar, para terminar, é que a Filarmónica teña continuidade. É moi difícil manter unha sociedade deste tipo porque as orquestras e intérpretes cada vez son máis custosas e agora, sobre todo nos últimos 40 anos, a diversidade cultural é moito máis grande que antes, entón agora hai asociacións culturais de múltiple tipo que son en certa forma competidores da propia Filarmónica, polo que mantela é un reto.

Que necesita a Filarmónica?

Subvencións, apoios, é o que necesitaría no futuro. Creo que o merece porque manter a tradición musical de Lugo é algo moi importante porque se algo queda claro da nosa charla é que a música foi un dos referentes culturais da cidade desde os tempos de Pascual Veiga e Xoán Montes ata os tempos de hoxe que protagoniza a Filarmónica. Por tanto, demandar, aínda que eu non teño unha relación directa coa Filarmónica máis que como o seu historiador, si que demanden as axudas oportunas para que a Filarmónica siga representando o papel que representou durante as anteriores décadas.



C-27-001194

Prueba nuestros tratamientos

Salud Bucodental • Cirugía dental • Estética dental
Implantología • Ortodoncia • Odontopediatría

¡PRIMERA VISITA GRATUITA!

Te damos una razón
para sonreír

Calle Valle Inclán 1 Lugo, 27004 - Tel.: (+34) 982 80 31 32 - info@mosqueraotero.es - mosqueraotero.es

A Diócese de Lugo incorpora unha escola infantil á súa rede de centros escolares

A Diocese de Lugo anunciou que contará cunha Escola infantil a partir do próximo 1 de setembro de 2023. Trátase da coñecida Escola Pepa Vagalume, de 0 a 3 anos, situada na rúa Agro da Torna 16, da capital luguesa. Ante esta noticia, a Diocese manifesta que quere “dar un novo impulso ao constante traballo educativo da Igrexa na nosa terra lucense”, contando xa con outros tres centros diocesanos na cidade: María Auxiliadora, A Milagrosa e San Lorenzo. A pretensión deste cambio de titularidade é ofrecer un proxecto educativo católico “coa mirada posta na formación integral dos nenos e que permita daquela unha conti-

nuidade da devandita educación en calquera dos colexios educativos cos que conta a institución”. Ademais, a pretensión é dar unha nova imaxe á escola, cunha renovación das instalacións, unha mellora do método educativo, pero dentro dunha liña de continuidade coas traballadoras que xa ten o centro. A iso súmase o cambio de nome, que pasará a denominarse Escola infantil Neno Jesús. “Desexamos que a Escola, nesta nova etapa, poida continuar o seu camiño con renovada ilusión e seguir adiante na misión educativa, que se suma así á realidade xa existente nos outros tres colexios”, dixeron dende a Diocese.

O PP quiere activar o Consello escolar Municipal

O PP mantivo unha xuntanza de traballo con representantes dos equipos directivos centros de educación infantil, primaria e secundaria. Neste encontro a voceira do Grupo Popular, Elena Candia, e o concelleiro popular Javier Vázquez fixeron unha primeira toma de contacto cos representantes da comunidade educativa. A voceira do PP anunciou que manterán “unha relación permanente durante os próximos catro anos cos equipos directivos así como coas AMPAS”. Tamén lles trasladou que teñen previsto visitar cada un dos centros escolares “para estar ao tanto das demandas co fin de poder trasladar as administracións os asuntos que preocupan”.

Haberá música en directo e espectáculos circenses todos os mércores e xoves de agosto

Agosto contará con concertos en directo e espectáculos circenses todas as tardes dos mércores e xoves no marco da programación da Capital da Cultura do Eixo Atlántico. Os mércores o circo será o protagonista en diversas prazas e zonas da capital; mentres que os xoves o barrio da Chanca acollerá música en vivo de diferentes artistas galegos e portugueses. Todas as citas serán totalmente gratuítas e abertas ao público. Deste xeito, a programación comezou o 2 de agosto, coa función

Dúas novas exposicións este mes

BIENAL NO MIHL. O Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL) acolle ata finais de agosto unha exposición coas obras premiadas na Bienal de pintura do Eixo Alántico. Este concurso pictórico, destinado a obras inéditas, comezou a súa andanza coa súa primeira edición no ano 1997.

Dende entón, a exposición itinerante da Bienal percorre a xeografía de Galicia e Portugal. Precisamente, a finais deste ano celebrará unha nova edición tendo como sede a cidade de Lugo, que acollerá unha exposición das obras que se presenten ao certame.

A exposición pode contemplarse, totalmente de balde, no MIHL ata o vindeiro 31 de agosto, todos os días en horario de 10:00 a 14:00 horas e de 16:30 a 20:30 horas.

VELLO CÁRCERE. Inaugurouse tamén ás 20 horas a exposición *Epítome*, unha compilación fotográfica que homenaxea ao mundo da cultura nun punto temporal determinado como é o cambio de milenio. O seu creador, Xosé Manuel Otero, expón imaxes fixas dalgunhas das mulleres e homes que nos albores do novo milenio traballan arreo para o florecemento da cultura galega. Ferreiro explicou que todas esas persoas teñen unha historia xa sabida, mais que se amplía e aporta valor coa axuda dunhas fotografías perfectamente escollidas”, creando, deste xeito, “unha gran harmonía”, resaltou a edil.



Arranca a nova edición de ‘O que queda de verán’

Maite Ferreiro, presentou unha nova edición do ciclo de espectáculos para público infantil e familiar O que queda de verán. “Trátase dunha serie de espectáculos na rúa de teatro e circo con propostas de moi diferentes estilos”, explicou Maite Ferreiro, que engadiu “supón unha mostra do mellor en actividades de rúa que ofrece Galiza, o resto do estado e de propostas internacionais para desfrutar en familia”. O que queda de verán comezará o vindeiro xoves 03 de agosto na Praza Anxo Fernández Gómez, e incluírá cinco obras multipremiadas como o caso de “El gran final” de Bucraá Circus e compañías internacionais de prestixio mundial como son os

brasileiros Circo no ato. Maite Ferreiro destacou que “a resposta do público estes últimos anos fai que un ano máis dende a Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua apostemos por esta programación que enche as nosas rúas de arte e achega de xeito gratuíto a cultura a todas aquelas que se acheguen”. Para a concelleira O que queda de verán “é xa unha cita imprescindible para aquelas persoas que pasan os meses de verán na nosa cidade, xa sexan de Lugo ou visitantes dun turismo que, ano tras ano, medra na nosa cidade” por verse, incide Ferreiro, como “un lugar vivo e activo no que sempre hai algo que facer e a cultura está presente”.

EN BOAS MANS

CENTRO DE FISIOTERAPIA

SE ATIENDEN ACCIDENTADOS DE TRÁFICO

FISIOTERAPIA

Deportiva
Neurolóxica
Traumatolóxica
Drenaxe Linfático
E.P.I. / EPTE

TRATAMIENTOS

Accidentes de tráfico
Lesiones Deportivas
Neurológico
Traumatolóxico
Ondas de Choque
Radiofrecuencia
Game Ready
Sistema SIS

Miguel de Cervantes, 38 bajo - 27003 Lugo. 982 809 038 / 678 855 342

www.boasmans.com
info@boasmans.com

GEOCLIMA ST

CLIMATIZACION - FRIO INDUSTRIAL
ENERGIAS RENOVABLES - CALEFACCION

SOLUCIONES PARA:

- Comunidades
- Garajes
- Hipermercados
- Hospitales y clínicas
- Hostelería
- Instalaciones Agropecuarias
- Locales comerciales
- Naves Industriales
- Oficinas
- Salas informáticas
- Turismo Rural
- Vivienda residencial

REALIZAMOS:

- Climatización
- Ventilación
- Instalaciones térmicas
- Protección contra incendios
- Maquinaria de Hostelería
- Calefacción
- Suelo Radiante
- Refrigeración
- Pailas para chimeneas
- Recuperadores de calor
- Calderas

INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO

REFRIGERACIÓN

CALEFACCIÓN

SOLAR TÉRMICA

BIOMASA

Rúa das Mercadorias, 121 - Pol. Industrial O Ceao. 27003 - Lugo

982 814 147 / 636 462 063 www.geoclimast.com

A EPS acolleu unha demostración pioneira de robots agrícolas

A robótica é unha disciplina transversal que está a despertar o interese das empresas e que presenta múltiples aplicacións para facilitar os traballos e mellorar a produtividade do sector primario e, nun senso máis amplo, no medio rural. A directora da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría do Campus Terra da USC, Rosa Romero, fixo estas declaracións na apertura dunhas xornadas sobre Agro-Robótica, unha sesión na que o vicerreitor de Organización Académica e Campus de Lugo, Francisco Fraga, e o deputado provincial delegado da área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento, Miguel Fernández, salientaron “o acerto e o interese estratéxico que supuxo a implantación do grao en Robótica, cunha mención de especialización en Agro-Robótica, na sede universitaria luguesa”, ao tempo que trasladaron os seus parabéns ao profesor Javier Bueno pola súa contribución ao éxito dun título universitario singular en Galicia do que acaba de saír a súa primeira promoción con “garantías de empregabilidade”, así como pola organización dun foro técnico que reúne máis de 60 participantes. A representante da compañía fran-



cesa Naio Technologies, Sophie Graillet, abriu a quenda de intervencións deste nova edición das xornadas sobre AgroRobótica, un programa coordinado polos profesores Javier Bueno e Roberto Iglesias que pon o foco na no Grupo Internaco (unha empresa con sede no concello coruñés de Ordes creada en 1976 que conta con máis de tres décadas de experiencia no sector) e a través do que o público presente tivo a ocasión de coñecer de primeira man as visións de expertos sobre a robotización de traballos relacionados coa xardinaría e a agricultura, así como respecto das perspectivas de futuro que teñen sobre a súa implantación en España. Así, á primeira exposición

de Graillet, seguiron outras a cargo de Sergio Grau, director de Ventas de AG Group; Carlos Rivera, responsable de vendas de produtos Husqvarna e batería en España e Portugal, e Josep Dalmasas, responsable de Innovación de Ag Group. Unha vez rematadas as sesións expositivas, o programa das xornadas, continuou con dúas sesións demostrativas nos campos de prácticas da EPS de Enxeñaría, onde se puido ver en funcionamento por vez primeira en Galicia dous dos robots fabricados pola empresa francesa Naio Technologies: o modelo TED, para traballos en plantacións de viñedo, e o modelo OZ, para traballos en explotacións hortícolas.

O proxecto lugués #UNEDLife tivo máis de 4.000 matrículas e 60.000 visualizacións



O programa #UNEDLife, desenvolvido ao longo do curso 22-23, enmarcado dentro do proxecto #LugoNaturalMente da UNED de Lugo e incluído na celebración quincuaxésimo aniversario da UNED, ten como principal obxectivo traballar en prol da saúde e benestar, para favorecer unha vida sa e promover o benestar da cidadanía. Ao longo deste curso, deuse visibilidade a diferentes efemérides relacionadas con temas de saúde, do deporte e da conservación do medio ambiente.

O programa contou con catro eixos fundamentais. O primeiro deles

promoveu a práctica de actividades relacionadas con hábitos saudables. O segundo centrouse na creación do programa piloto Orgullo de club: CB Breogán e o terceiro focalizouse na divulgación dos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) da Axenda 2030. Finalmente, o cuarto eixo deu visibilidade a outras actividades.

O número de actividades realizadas foron un total de 24 e as persoas matriculadas ascenderon a 4.155 matrículas. Ademais, o alcance das actividades de cada proxecto ascendeu a máis de 60.000 visualizacións na canle de YouTube.

ABIERTO PLAZO DE MATRICULA | **CURSO 23/24**

HEIKO

ESCUELA MUSICAL-CREATIVA

MÚSICA PARA PEQUEÑOS Y MAYORES

MÉTODO MUSICAEDUCA:
APRENDER DIVIRTIÉNDOSE

Único centro autorizado en Lugo

- Estimulación musical temprana de 10 meses a 4 años.
- Iniciación musical de 5 a 8 años (grupos de violín, piano, guitarra y percusión).
- Formación musical desde 9 a 100 años con metodologías activas e innovadoras en clases individuales y colectivas.
- Batería, canto, piano, violín, violonchelo, guitarra, bajo, gaita, pandereta...

Clases de refuerzo y preparación para las pruebas de acceso al conservatorio.

¡PREGÚNTANOS SIN COMPROMISO!!!

DESDE LOS 10 MESES HASTA LOS 100 AÑOS

Música - Baile - Batucada - Robótica - Teatro y... ¡mucho más!!!

Infórmate de días y horarios en nuestras redes sociales

heiko@musicaeduca.es

+info 687 582 559

Augas Férreas, Estrada da Granxa, 27-29 bajo

@heikolugo

@heikolugo

TEMPO DE MÚSICA

A proposta festivaleira estival do 2023

O que queda de verán concentra numerosas citas musicais na provincia

Os meses de agosto e setembro concentran o que resta de festivais de música na provincia de Lugo. Atrás quedaron outras citas obrigadas, como o FIV de Vilalba ou o Resurrection Fest de Viveiro, o primeiro encargado de abrir o tempo de festivais e o segundo como un referente internacional. Pero aínda queda moito por celebrar. A primeira fin de semana reúne tamén varias citas obrigadas de festivais, entre o que destaca o de **Pardiñas**, un referente na programación da provincia xa que é Festa de Interese Turístico Galego. Este ano celebra a súa 44 edición reunindo novamente ao máis destacado do panorama folclórico e étnico.

Xunto a este tamén Sarria vivirá un dobrete de celebracións a primeira fin de semana. Así, arranca o **Sarria Blues no Camiño**, que este ano terá lugar do 3 ao 6 de agosto e que incluírá diferentes actividades, ademais dos distintos concertos.



Mentres o blues é o protagonista, a música de festa é a que caracteriza tamén ao **Verbena Fest**, que tamén en Sarria celebra a quinta edición dunha cita imprescindible.

Do 3 ao 5 de agosto de 2023, Antas de Ulla e Monterroso, acollerán unha nova edición do **Festiulloa**, o Festival de Música de Cámara da Ulloa, que chega a súa 14ª edición.

Este festival de música clásica e actividades medioambientais está organizado pola asociación Quercus Sonora.

A primeira fin de semana de agosto, Barreiros rende homenaxe aos seus fillos emigrados que adoitan retornar á súa terra de orixe polo menos durante o verán. Así, no **Festival Internacional do Emigrante**, a alegría está asegurada coa queimada, os petiscos e a música de diferentes agrupacións folclóricas.

O Concello de Cervo convida a gozar do **Festival Folclórico internacional e Infantil** que se celebrará en San Cibrao, na Praza dos Campos, a primeira fin de semana de agosto da man do Grupo Folclórico Mistura.

Durante o mes de agosto as distintas localidades da Mariña acollen o **Festival Bal y Gay**, o único a nivel nacional. Enche cada ano de música en vivo de calidade, afianzando esta comarca lucense como destino cultural de referencia en Galicia e España. A mediados de agosto destacan dúas citas xa habituais do programa anual. Un deles é o Festival **27327**, en Begonte, que se celebra no club fluvial da localidade con sesión vermú, aberto de billarda e campionato de cimbrón incluído. Outro é o **Rabafolc**, que este ano aínda non presentou o programa xa que forma parte das



festas patronais, que organiza o Concello.

Na Chaira tamén destaca outra cita, o Festival **Pozo Mouro**, que combina música de diferentes tipos con outras actividades culturais.

Máis ao sur da provincia está previsto o **Trece Roeis Fest** de Pantón, que este ano acollerá a 18 grupos de música rock; ou o **Ribela Love&Nature** de Sarria, que se amplía a dous días e terá a 16 artistas no seu cartel.

Para rematado agosto destaca Festival **Terra Brava** do Incio coa participación de aqueles que queren poñer en valor o traballo de grupos galegos por facerse oír nun contexto no que cada vez se aposta máis pola creación musical propia. Mención aparte merece o **Agrocuir**, unha iniciativa celebrada no rural que ten como obxectivo reivindicar a diversidade sexual e de xénero neste ámbito. Aínda non hai programa sobre a súa continuidade.

SETEMBRO. Abrirán o mes de setembro outras tres citas, o **Tremeterra** do Incio e o **Osa do Mar** de Burela, ao que se suma tamén o **Xara Fest** en Ribadeo. Completan o mes outros dous festivais, o **Parga Rock**, que se celebra na parroquia de Guitiriz que lle da o nome, e o **Caudal Fest**, den Lugo, do que tamén hai xa cartel.

Pero antes de que acabe o ano Lugo completa a programación festivaleira con tres novas citas. a primeira é en outubro o **Castaño**. Ese mesmo mes terá lugar o **Festiblus** e rematará o ano o **Festival de Jazz**, que se prolongará durante tres semanas na capital da provincia.



PROGRAMA

- Sarria Blues no Camiño (3-6 agosto)
- Verbena Fest Sarria. (4-5 agosto)
- Festiulloa. Monterroso (4-5 agosto)
- Pardiñas. Parga-Guitiriz (4-6 agosto)
- Festival Folclórico San Cibrao (5-6 agosto)
- Festival Folclórico do Emigrante. Barreiros (6 de agosto)
- Bay y Gay. A Mariña (todo agosto)
- 27373. Begonte. (12 agosto)
- Rabafolc. Rábade (mediados agosto)
- Trece Roeis Fest. Pantón (18-19 agosto)
- Ribela Love&Nature. Sarria (18-19 agosto)
- Fich Chantada (mediados de agosto)
- Pozo Mouro. Muimenta (19 agosto)
- Terra Brava. O Incio (25-26 agosto.)
- Agrocuir. Monterroso. Finais agosto. Sin confirmar
- Tremeterra. O Incio (1-2 setembro)
- Osa do Mar. Burela (1-2 setembro)
- Xara Fest. Ribadeo (2 de setembro)
- Parga Rock. Parga-Guitiriz (9 setembro)
- Caudal Fest. Lugo (15-16 setembro)
- Castañazo. Lugo (27-28 outubro)
- Festival dos Eidos. Folgoso Finais outubro
- Festiblus. Lugo (14-22 outubro)
- Festival de Jazz. Lugo (4-20 novembro)





Por Lugo:

**VAI
EN
BUS**

Máis barato

Máis ecolóxico

Sen buscar aparcamento

urbanoslugo.com



#activandolugo



Concello de Lugo

Área de Mobilidade e
Infraestruturas

Os novos sinais contra a violencia machista sofren os primeiros actos vandálicos



O Concello condenou o ataque á nova rede de sinalización contra a violencia machista instalada nos principais accesos á cidade. O obxectivo desta iniciativa, levada a cabo ao abeiro do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, é aumentar o nivel de concienciación cidadá sobre esta lacra, reforzando o labor que a institución leva a

cabo nesta materia. “Expresamos a nosa firme condena a este ataque que, con nocturnidade e alevosía, pretende evidenciar a belixerancia do ideario ultraconservador que nega que exista unha violencia contra as mulleres polo mero feito da súa condición de muller”, sinalou a tenenta de alcaldesa de Cohesión Social, Ana González Abellera.

A Deputación aproba a ampliación dos hortos urbanos

A Xunta de Goberno aprobou ampliar as autorizacións do uso dos hortos urbanos do Rato a 34 dos 40 usuarios e usuarias destes espazos aos que está a piques de rematarlles a concesión. Trátase do segundo lote de ampliacións, tras o realizado o pasado marzo deste ano a 41 usuarios, “o que dá boa conta da boa marcha deste proxecto da Deputación, que reiniciamos o mandato pasado e co que estamos poñendo a disposición da cidadanía de maneira totalmente gratuíta espazos públicos para fo-

mentar o lecer medioambiental, a agricultura ecolóxica e os hábitos de vida saudables”, afirmou a Voceira socialista do Goberno.

Na actualidade, a Deputación de Lugo ten un total de 134 usuarios activos nos hortos urbanos do Rato, dos 150 dispoñibles. Neste senso, García Porto avanzou que está en fase de contratación o servizo de dinamización, posta en valor e mantemento das parcelas, e que en setembro sairá unha nova convocatoria para cubrir as que quedan libres.

HERBÓN DESGUACES
Rúa da Industria, 38. Pol. Ind. O Ceao - Lugo / Tel.: 982 207 018
herbondesguaces@gmail.com / www.desguacesherbon.com

INSTALACIONES ESPECIALIZADAS EN TODOTERRENO Y FURGONETAS
Rúa da Industria, Pol. Ind. O Ceao / 982 209 222 - 982 207 018

Polígono As Gándaras. Rúa Fontán Rodríguez,
Calle F - Parcela H4, Lugo / Tel.: 982 147 951

Lugo brillará en Europa na reunión da Presidencia española da UE

O Ministro de Asuntos Exteriores, José Manuel Albares Bueno, destacou que a Deputación terá un papel clave na conferencia de alto nivel da Presidencia española da Unión Europea sobre políticas de envelhecimento activo e reto demográfico que se celebrará en Lugo o vindeiro 8 de setembro.

O Ministro de Asuntos Exteriores do Goberno de España destacou que “Lugo quere estar no centro da Presidencia española da Unión Europea, que arrancam os pasados 1 de xullo e na que, como saben, esta cidade vai ter unha das reunións claves”. Albares sinalou que “a alcaldesa e o presidente da Deputación traballarán moi directamente para esa conferencia de alto nivel sobre envelhecimento e despoboamento, na que



se vai debater e na que se van tomar decisións claves en cuestións que teñen que ver co coidado dos nosos maiores, e para a cohesión territorial e a loita contra o despoboamento”. Valorou tamén o Ministro o encontro co tecido produtivo da provincia

que tivo lugar no Edificio Impulso Verde, unha construción de referencia en termos de sustentabilidade, e no que Albares puido “comprender mellor as necesidades desta provincia, para que poida brillar en Europa ao longo da súa Presidencia”.

Lugo acollerá un congreso europeo sobre análise sensorial

TasteLab, en colaboración coa USC, traen a Lugo uno dos congresos de análise sensorial máis importantes de Europa. Na súa pasada edición celebrada en Xirona anunciouse que Lugo sería o lugar escollido para desenvolver o VI Congreso da Asociación Española de Profesionais da Análise Sensorial, que terá lugar en xuño de 2025.

Este tipo de congresos crecen en notabilidade ano tras ano, xa que a análise sensorial vólvese cada día máis relevante para o mercado en xeral debido a que permite entender a experiencia dos usu-

rios e consumidores de calquera produto, tanto é así que o 75% da industria europea alega dar uso da análise sensorial para probar os seus produtos antes de que saian ao mercado, o que se traduce nunha redución dos custos de produción e nun aumento das vendas ao poder entender mellor as novas cotas de mercado ás que se enfrontan.

Baixo esta premisa, TasteLab, xunto coa universidade compostelá, propuxéronse o reto de traer a Lugo por centos de empresas, investigadores e universidades

de todos os puntos da xeografía, destacando tamén os centros de investigación como o CSIC.

O tema principal do evento será a fusión entre sentidos e tecnoloxía e é que AEPAS configúrase como unha organización que pretende achegar a análise sensorial a toda a sociedade. Da mesma forma, os congresos bianuais de AEPAS serven como punto de encontro para múltiples axentes do campo da análise sensorial, no cal se comparten tanto avances nas investigacións sensoriais, como posibles melloras da doutrina.

Abre o prazo para Artesanfroilán e para o Mercado de Nadal

Abriu o prazo para solicitar a instalación de postos no Artesanfroilán e no Mercado de Nadal, as dúas feiras de artesanía organizadas pola Vicepresidencia da Deputación.

As convocatorias están abertas a artesáns e artesás da provincia, que teñan o obradoiro inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia e cuxos produtos sexan exclusivamente de creación e produción propia.

A instalación nos mercados será, un ano máis, gratuíta para as firmas de

artesanía, que disporán dun posto con cadro eléctrico, iluminación e enchufe para mostrar e vender os seus produtos.

No Artesanfroilán, que se celebrará do 3 ao 12 de outubro na Praza Anxo Fernández Gómez, ofrécense 24 postos. No Mercado de Nadal, previsto do 22 de decembro ao 5 de xaneiro na Praza de San Marcos, instalaranse 14 casetas.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto, en ambos casos, ata o 17 de agosto.

O PP denuncia o colapso no servizo de atención ao cidadán

O PP denuncia o colapso no que se atopa o servizo de atención ao cidadán do Concello. Na canle de comunicación do PP afirman que están a recibir numerosas queixas.

Das 6 persoas asignadas ao servizo de atención ao cidadán só unha está atendendo nun servizo que recibe a unhas 50 persoas diarias para atención e información dos diferentes servizos municipais e a tramitación, entre outras, da tarxeta cidadá, precisa de medios e persoal axeitados e non as condicións nas que se atopa.

Abre o programa de subvencións para asociacións veciñais

A concelleira de Participación e Servizos para a Veciñanza, Cristina López, presentou o programa de subvencións para a veciñanza e as asociacións de veciñas e veciños que desenvolven a súa actividade sen ánimo de lucro neste 2023.

A área de Participación inviste 45.000€ nestas subvencións, dirixidas a asociacións veciñais do concello de Lugo. As asociacións poderán presentar proxectos relacionados co asociacionismo, o voluntariado e a participación cidadá, ademais de incluír gastos de mantemento e funcionamento necesarios para a realización das iniciativas.

Cristina López destacou que “esta liña de subvencións permite que as distintas asociacións veciñais de Lugo poidan manter a súa actividade ao longo do ano”.

O PP reclama un pacto que defina as liñas de mellora dos servizos sociais

O Partido Popular avoga para que as persoas estean no centro da acción política e, por ese motivo, pedirá no pleno do 27 de xullo que PSOE e BNG apoiem un pacto institucional para sentar as bases das futuras actuacións relacionadas cos Servizos Sociais. O edil popular Gustavo Díaz puntualizou que queremos traballar para acadar un consenso e que “este acordo asegurará unha planificación ao longo prazo dos Servizos Sociais e permitirá contar cos axentes sociais na toma de decisións”.

De forma paralela o PP pedirá ao goberno local que reactive o Consello Local de Servizos Sociais que estivo nos últimos tempos inactivo.

Arquitectos británicos estudan o centro social Lamas de Prado

Unha delegación de arquitectos británicos visitou o novo centro social de Lamas de Prado para coñecer en profundidade os detalles construtivos que converten a esta dotación municipal nun referente na edificación sustentable. O uso de madeira de produción local, así como as prestacións e o comportamento enerxético do edificio de carácter social, espertaron interese na empresa Eurban, o principal produtor de estruturas de madeira do Reino Unido e internacionalmente recoñecido por obras como a ampliación da residencia universitaria St. Clare's College da Universidade de Oxford.

Este equipamento municipal, que na actualidade dá servizo a unha poboación de preto de 20.000 habitantes como espacio multidisciplinar, foi



deseñado baixo criterios medioambientais e de sostibilidade, onde a madeira de orixe galega é o principal elemento estrutural. A súa execución en equilibrio co uso do formigón espertou o interese da corporación inglesa ocupando unha parte substancial da visita dos técnicos, na que foron guiados por responsables

da empresa galega autora da armazón. No proxecto apostouse tamén por acadar unha alta eficiencia enerxética maximizando a incidencia da luz natural, polo que a zona sur do inmoble foi dotada dun innovador peche de láminas de madeira que regula a incidencia do sol e controla o confort climático interior.

Liñares, condenado a máis de catro anos por suborno e prevaricación

A Sala do Penal condenou ao expresidente da Confederación Hidrográfica Miño-Sil Francisco Félix Fernández Liñares a 4 anos e medio de prisión por un delito continuado de suborno e a 8 anos e medio de inhabilitación por un delito continuado de prevaricación en relación coa adjudicación de obras a empresarios cos que se puxo de acordo a cambio de diñeiro ou de prestacións de traballo nas súas propiedades. En síntese, os feitos probados recollen que o condenado contraveu o establecido na Lei do Sector Público que obriga aos órganos de contratación a velar porque todos os lici-

tadores reciban igual trato e a non facilitar, de forma discriminatoria, información que poida dar vantaxes a determinados licitadores con respecto ao resto.

Para iso, utilizou o procedemento de adjudicación negociado, que, segundo a Lei de Contratos do Sector Público, permite contratar obras cuxo valor estimado sexa inferior a un millón de euros e que impón a obriga de solicitar ofertas polo menos a tres empresas. O acusado conveu cos representantes de varias entidades a adjudicación de determinadas obras a empresas previamente seleccionadas segun-

do o convido entre o presidente da Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS) e os empresarios concurrentes á licitación, de maneira que xa de antemán coñecía que a adjudicación se faría a favor do prezo máis vantaxoso para a CHMS. A Sala considera que o recorrente estableceu unha quenda para que os distintos empresarios concertados rotasen en presentar o prezo máis baixo nos sucesivos concursos, de modo que foi adjudicando os diferentes contratos a aqueles empresarios que estivesen dispostos a retribuírle persoalmente polas adjudicacións.

Benestar convoca a excursión a Burela para o 5 de agosto

Continúan as excursións a feiras gastronómicas galegas durante as fins de semana convocadas para Área de Benestar.

As viaxes teñen lugar os sábados alternos, dende o 8 de xullo e ate o 2 de setembro, sendo a Praza de Bretaña o seu punto de partida (09.00 horas) e de chegada (ás 21.00 horas). As persoas interesadas en participar poderán inscribirse a semana anterior a cada saída – entre o luns e o mércores – e entregar a súa solicitude de forma presencial (entre as 09:00 e as 13.00 horas) nun Centro de Convivencia concreto, en función do destino do que se trate.

O 19 de agosto será a vez da Queimada Popular de Cervo. Rematarán o 2 de setembro coa Feira Franca de Pontevedra. A inscrición é no Centro de Convivencia Uxío Novoneyra.

Imparten clases de ximnasia ao aire libre para maiores

Comezaron as actividades de ximnasia ao aire libre organizadas para aproveitar, durante os meses de verán, as prazas e parques da cidade como lugares de socialización, en prol dun ocio saudable e dun modelo de vida activa ao aire libre.

A actividade, para a que non é preciso inscribirse senón simplemente achegarse ate as localizacións sinaladas, impartiranse até o 31 de agosto, en horario de 18.30 a 19.30 horas. Os luns e mércores serán nas Prazas do Castiñeiro, Viana do Castelo e no parque de Traperero Pardo, mentres que os martes e xoves se desenvolverán nas Prazas das Illas, na Praciña da Igrexa, Praza Roxa, da Milagrosa e do Camiño Primitivo.

PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN



Móvil: 692 946 694
629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com

Conversa con Francisco Javier Farnes Caminero, director da ONCE en Lugo

RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

Nado en Barcelona hai cincuenta e un anos, de pais andaluces e avós manchegos, estableceu a súa residencia permanente en Lugo, xunto coa súa parella lucense e actual muller, a finais do ano 2000.

Cando foi a primeira vez que viñeches a Lugo?

En maio de 1997 vin de vacacións co meu cuñado. El padece retinite pigmentosa e coñeceu a miña irmá nun centro de rehabilitación da ONCE en Sabadell. A miña irmá xa perdera a visión, pero eu aínda seguía vendo o suficiente como para poder conducir.

Cando perdiches a visión?

No ano 2006, aos trinta e cinco anos, por neuropatía do nervio óptico ou neuropatía de Leber, causada por unha mutación xenética que dana as células do nervio óptico, con perda total ou residual da visión. No meu caso, teño unha visión restante do 4 ou 5%.

É hereditaria?

Si, é herdado polo ADN mitocondrial das células reprodutoras da nai. A enfermidade pode desenvolverse ou non. Pasoulle á miña irmá cando tiña dezanove anos e a mim despois. É máis común nas mulleres. A min diagnosticoume no ano 2007 o doutor Brañas, neurólogo de Lugo xa que é unha enfermidade neurooftalmolóxica.

Daquela xa coñecías a enfermidade?

Si, a través da miña irmá, pero dixerónnos que era moi difícil que a desenroláramos os demais. Teño outras dúas irmás que non a teñen.

E como o levaches?

Ao principio pensei que podía supralo, pero despois de pasar unha semana no hospital afílieime á ONCE porque xa sabía o que supoñía esta enfermidade e tiña que mostrar coraxe e ánimo para saír adiante.

Cando me afíliei, fixen a solicitude de case todos os servizos de atención persoal (axuda psicolóxica, autonomía persoal con bastón, desenvolvemento do tacto e aprendizaxe do manexo das moedas, adaptación tecnolóxica con programas informáticos de lectura de voz como JAWS, aprendizaxe do sistema Braille...), coa excepción do can guía que non necesito debido o meu resto visual.

Foron catro meses como catro anos longos, nos que tiven un golpe psicolóxico ante os cambios sufridos no meu día a día. E grazas a estes servizos da ONCE, que foron o meu salvavidas, puiden saír dese túnel.

Lembro especialmente a primeira vez que camiñei só pola rúa cun bastón. Sentín a mesma sensación que ten un neno cando comeza a camiñar. Todo é novo! E o que máis me custou, psicolóxicamente, é deixar de facer cousas como conducir. Dependendo de quen te leve, doe moito. Porén, sigo facendo outras cousas como correr cun guía atado a unha corda.

Cal é o requisito para afiliarse á ONCE?

Ter unha perda de visión de polo menos o dez por cento.

E para ser axente de vendas da ONCE?

Ter as condicións físicas e psíquicas necesarias, manexar ás moedas e o diñeiro e, por enriba de todo, unha actitude de compromiso coa Organización. Logo xa se adquiriran o coñecemento dos produtos.

Ti fuches vendedor?

Si, ata hai relativamente pouco tem-

po. Cando entrei na ONCE, no ano 2007, ofrecéronme a posibilidade de adaptar o meu posto de traballo. Traballaba como contable nunha empresa privada de Lugo xa que eu teño estudos de administrativo de Formación Profesional. Daquela era moi complicado adaptar os programas de contabilidade e escanear toda a documentación utilizada, algunhas moi antigas. E por iso solicitei o posto como axente vendedor, a miña experiencia laboral (coñecer a moita xente en axencias, bancos e empresas) xunto coas miñas habilidades sociais, axudáronme a lanzarme ás vendas, ás que me dediquei durante quince anos ata que me propuxeron ser o director da Axencia da ONCE en Lugo. Primeiro fixen substitucións en varios quioscos da cidade ata quedarme no da Rúa da Raiña. Ademais, desde hai catro anos formo parte do Consello Territorial de Galicia como representante dos afiliados.

Como vos tratamos as persoas sen discapacidade visual?

En xeral trátannos ben. Hai xente que admira o noso afán de superación e hai xente que lle custa poñerse na nosa situación. Atópome con persoas que non se afastan cando se cruzan por diante. Incluso, cando entro nalgún bar escoito como comentan que se vexo máis do que digo porque me defendo moi ben. E non saben que durante o proceso de rehabilitación que nos ofrece a ONCE aprendemos algúns automatismos, adquirimos algunhas habilidades para ser máis autónomos, sobre todo se temos algún resto visual.

Como teremos que tratarvos?

Con normalidade. Tendo en conta a nosa limitación, é importante que a xente nos valore a loita pola integración social e adaptación. Calque-



ra pode chegar a padecer unha discapacidade visual e por iso a ONCE sempre xoga un papel fundamental. Mercar un cupón é algo máis que un xogo. É unha obra social. É dicir, a cidadanía colabora no noso proceso de rehabilitación aportando unha colaboración económica, mediante os xogos de azar, que se devolve á sociedade de novo nas prestacións e servizos sociais da ONCE.

Ademais dos servizos de atención persoal que xa comentei, hai outros como: o xestor de libros dixitais e o servizo bibliográfico no que se narran oralmente máis de 5000 libros; prestacións económicas para persoas con recursos limitados; TIFLO ou técnico instrutor de adaptacións tecnolóxicas; subministración de material de estudo para escolares e universitarios; e, por suposto, ac-

cións colectivas e de animación sociocultural. E na Axencia de Lugo prestamos todos estes servizos a trescentas vinte e cinco persoas con discapacidade visual grave e cegueira. A afiliada máis nova ten tres anos, e a maior cento catro. A ONCE en Lugo conta con sesenta e seis vendedores, vinte e nove deles na capital.

Lugo é accesible para persoas con discapacidade visual?

Aínda que hai moitas cousas que mellorar, intentan que así sexa, sobre todo por parte do Concello hai boa vontade. Mais hai que levala a cabo, por exemplo, instalaranse sistemas de audio nas paradas de autobús para adaptar a información visual, sistemas de audio nos buses urbanos, eliminación de obstáculos nas beirarrúas, etc.

Lara Méndez defende en Bruxelas o papel das administracións locais

Lara Méndez, defendeu en Bruxelas a importancia do municipalismo como eixo transformador no proceso de transición ecolóxica, desenvolvemento económico e igualdade de xénero nun foro que reuniu a decenas de actores sociais, colectivos vinculados coa cooperación internacional e rexedores de Europa, América Latina e Caribe, trasladando ás prácticas que está a desenvolver Lugo.

Méndez falou dos programa de igualdade do concello, do impulso económico a través de iniciativas como Lugo Transforma para reter e atraer talento e empresas para crear



emprego de calidade, do traballo do CEi Nodus para o apoio aos emprendedores e sobre as iniciativas vinculadas ao deseño das cidades sostibles do futuro no que o municipio é

xa un referente europeo. Tamén destacou os programas de cooperación internacional, onde Lugo amosa a súa colaboración en tema de muller e infancia en latinoamérica.

MONTAJE DE MUEBLES

Lito

MUDANZAS

Decoración • Reformas • Pintura
Montaje de muebles

602 417 542

Amplían a 95 os postos de venda do Mercado Tradicional de Lugo

Cristina López, concelleira de Participación e Servizos para a Veciñanza, anunciou que o Goberno de Lugo vén de ampliar o número de autorizacións para persoas vendedoras do Mercado tradicional debido á elevada demanda de postos. Deste xeito a listaxe anterior que ascendía a 87 persoas autorizadas, vese incrementada en 8 máis.

Contarase, pois, cun total de 95 prazas no Mercado Tradicional, que todos os martes e venres ofertarán unha importante variedade de produtos procedentes da propia colleita, “produtos naturais que outorgan ao noso mercado unha elevada puntuación en satisfacción e calidade, valorables na gran afluencia de persoas sobre todo nestas datas de verán”, afirmou Cristina López.



A concelleira afirmou que “os mercados son un piar estratéxico para a economía” e engadiu que “o mercado tradicional é un exemplo de fonte de creación de valor engadido para as nosas produtoras e produtores”.

A concelleira de Participación lembra que “desde o Goberno de Lugo

continuamos a promocionar a Praza e o Mercado para facilitar que toda a veciñanza opte por realizar alí as súas compras e por disfrutar da atención personalizada das e dos distintos comerciantes da instalación e da ubicación privilexiada da Praza e do Mercado”

EDP lanza de novo a iniciativa de apoio a emprendedores Entama

EDP abriu o prazo para presentar candidaturas a unha nova edición do programa de apoio a emprendedores locais, Entama. Nesta quinta edición, esta iniciativa seguirá creando riqueza e emprego nos municipios nos que a compañía enerxética ten actividade. Entama promove a igualdade de oportunidades e a inclusión, así como a mellora ambiental, e é unha ferramenta de compromiso coa comunidade local a través do fomento do desenvolvemento do municipio e a loita

contra o despoboamento rural. Entama segue crescendo ano a ano, e nesta edición 2023-2024 mantense o apoio a proxectos tractores), promovendo a empregabilidade e a fixación de poboación en áreas en risco de despoboamento. Cada proxecto seleccionado poderá recibir ata 20.000 euros.

Como feito diferencial, poñerá especial énfase en proxectos liderados por mulleres e con potencial de empregabilidade feminina, como unha das demandas recollidas pola com-

pañía, claramente comprometida coa igualdade e equidade.

O prazo de presentación de candidaturas alongarase ata o próximo 7 de setembro e o prazo de selección de proxectos finalizará o 20 de outubro. O xurado primará a súa viabilidade, sustentabilidade e impacto no territorio e dará a coñecer os resultados o 24 de novembro, para desenvolver os proxectos ao longo de 2024.

En Lugo, teranse en conta proxectos na Mariña, Comarca de Lugo, Terra Chá e da zona da Montaña Lucense.

Segue o proceso para adxudicar a cafetería do Vello Cárcere

O Concello de Lugo retomou a adxudicación da cafetería do Vello Cárcere autorizando, novamente, o anuncio da licitación nos termos da última convocatoria publicada.

Así, o Executivo de Lara Méndez manterá nos 100 euros mensuais (1.200 € ao ano) o canon mínimo para a explotación do local coa vontade de que a concesión, que terá unha duración inicial de dez anos, prorrogable por outros cinco, resulte atractiva.

O Concello leva destinados xa preto de 30.000 euros para acondicionar e modernizar as instalacións, ás que se dotou dun acceso independente.

Verano con flores

FLORISTERÍA ROSE FLOR

San Roque, 173 Bajo - Lugo
982 223 504
680 453 401
ros3-flor@hotmail.com

FLORES Y PLANTAS A DOMICILIO

O Mitma abre o primeiro asentamento do Ineco



O primeiro centro remoto de produción de Ineco en España xa está operativo en Lugo. A alcaldesa, Lara Méndez, visitou as instalacións da consultora pertencente ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana acompañada do seu presidente o tamén lucense Sergio Vázquez Torrón.

A empresa de enxeñaría conta con 15 empregado/as traballando na recentemente estreada oficina, primeiro centro remoto que abre no país. A compañía integrada por máis de 5.500 profesionais, desenvolve proxectos punteiros técnica e tecnoloxicamente no ámbito da mobilidade sustentable e a transformación dixital, tanto a nivel nacional como internacional, tendo presenza, actualmente, nos cinco continentes.

“É para nós un orgullo como lucenses comprobar que a cidade ofrece un ecosistema atractivo que resulta un reclamo para que as entidades privadas – como vemos sucede a través do fondo de capital Lugo Transforma – pero tamén as públicas escollan o noso municipio para desenvolver a súa actividade e decidan establecerse aquí para iniciar

ou avanzar no seu proceso de descentralización”, sinalou a rexedora. Méndez comprobou da man do presidente de Ineco que o equipo instalado en Lugo responde a un perfil diverso e multidisciplinar con titulacións diferentes que van desde a enxeñaría civil, de camiños, aeronáutica, agrícola, pasando por arquitectura e informática.

“Procedentes de distintos puntos de España este grupo de profesionais traballa actualmente en proxectos para Adif, Enaire e Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e poderán, nun futuro, achegar a súa experiencia para outros proxectos nacionais e internacionais que a empresa está a desenvolver”, avanzou Sergio Vázquez.

A alcaldesa aplaudiu tamén a vontade de Ineco de impulsar alianzas con universidades e centros de Formación Profesional, así como de abrir posibles vías de colaboración con empresas locais no territorio, en alusión ao convenio de colaboración asinado esta mesma xornada coa USC para avanzar no deseño de infraestruturas lineais de ferrocarril e estradas.

RAXERÍA LAXA

ESPECIALISTAS EN CARNE DE VACA PREMIUM

C/ EDUARDO PONDAL 20, BAJO, LUGO TEL. 982 216 536
www.raxeriaalaxa.com

“Sufrimos unha problemática moi grave de fumes dende hai anos”

Concha Carballés Vázquez é a presidenta da Asociación de Veciños do Vilar

Cando e como nace a Asociación de Veciños do Vilar?

A asociación nace como asociación de veciños do núcleo de Vilar coa idea de solucionar diferentes problemas que xurdiran, pensando por exemplo en xuntar fondos para arregar a pista. Os primeiros trámites para crear a asociación realizáronse no 2006 e inscribiuse de xeito oficial no ano 2007. Os veciños de Vilar estamos a sufrir unha problemática de fumes moi importante dende hai anos e a nosa actividade principal centrouse niso por iso o ano pasado decidimos realizar o cambio e converternos nunha asociación ecoloxista.

Cantos socios integran a asociación?

Agora mesmo somos arredor de 23 persoas.

Como foros os primeiros anos do problema de fumes?

Nun primeiro momento nós puxémonos en contacto coa fábrica para ver que se podía facer para solucionar tanto o problema do fume como tamén un problema de rúidos que había. Estes primeiros diálogos coa fábrica nunca foron a bo término, malia que si que se foi solucionando bastante o problema de rúidos con respecto aos fumes dende a empresa dixéronnos que nos tiñamos que acostumar a eles, por iso despois de anos pelexando con este tema recomendáronnos facer un cambio a asociación ecoloxista para poder ter máis percorrido.

Realizan algunhas actividades durante o ano?

Non realizamos actividades fora desta loita, porque nesta zona a xente

vai e ven, e que vivamos aquí de continuo somos cinco vivendas pero a maioría vén pasar as fins de semana. Si que falamos de facer algunha actividade pero de momento as nosas forzas están en solucionar este problema.

Como está actualmente a situación con respecto aos fumes?

Nesta zona estamos a sufrir uns niveles moi altos de fumes tóxicos, hai días que se fai difícil respirar e por exemplo un dos nosos veciños xa foi a urxencias en dúas ocasións porque non respiraba. Non podemos abrir as ventás pola noite para refrescar porque o fume provoca tose e picor de ollos. A raíz de que non resultasen as conversacións coa fábrica enviamos diferentes escritos á Xunta para solicitar o control destes niveis de fume e a resposta da administración autonómica foi que cumprían a normativa e que contaban con autorización ambiental integral. Sen embargo os controis que realizaba a Xunta consistían en medir quince días de verán e quince días de inverno a calidade do aire sen comprobar en que condicións se tomaban as medicións, medidas para nós insuficientes. Como consecuencia de non obter ningún tipo de solución comezamos a realizar diferentes concentracións a raíz das cales obtivemos o apoio do BNG, coincidindo tamén coas eleccións, que mantivo varias reunións con nós e levou unha iniciativa parlamentaria coa nosa problemática. Grazas a isto a conselleira de Medio Ambiente comprometeuse a colocar uns medidores antes de finais

de ano. Recollemos firmas para que realizaran esta instalación xa, e dende a Xunta responderon que a data límite para contestar era o 14 de xaneiro de 2024 e agora estamos a espera.

Teñen algún outro problema?

Si, unido a isto tamén hai un problema de vertidos. Nós pedimos tamén á Xunta a información das autorizacións que tiña a fábrica pero responderon que non era da súa competencia, que nos tiñamos que dirixir á organización competente e puxémonos en contacto coa Confederación Hidrográfica que nos denegou esta información. O seguinte paso foi acudir ao vulgado, pola vía contencioso administrativo e nesta ocasión si que nos deron a información que solicitamos onde aparece que todos os informes dende que abriu ata xuño do ano pasado eran negativos, é dicir, denegando a autorización de vertidos porque non tiña os requisitos mínimos da fábrica. Nós o que queremos é que a fábrica funcione, pero nas condicións adecuadas, respectando o medio ambiente, a saúde da xente e dos seus propios traballadores. Non temos ningún interese en que pechala, temos que vivir todos, que isto é de todos.

Teñen algún apoio dalgunha administración ou asociación?

Recibimos apoio de Ecoloxistas en Acción que acudiu con nós ás concentracións e ademais tamén enviou varios escritos. Ao Concello levamos anos pedíndolles que nos remitan os informes de impacto ambiental que fixera a fábrica pero nunca nos responderon. Tanto a Xunta, o Concello



comeza a Confederación Hidrográfica miraron para outro lado, a única implicación a nivel administrativo que houbo foi o BNG coa iniciativa parlamentaria. Trabállase moito agora por ter en conta o impacto medio ambiental, por reducir o uso de coches pero isto, que se aprecia o fume dende Lugo, ninguén se preocupou.

Que farán proximamente?

Imos realizar un escrito para soli-

citar á Xunta que ademais do medidor que se comprometeron a situar en Vilar antes de xaneiro se realice outro tamén na zona de Nadela. Eles argumentan que nesa dirección xa está o medidor de Fingoi pero está situado a oito quilómetros e pensamos que esa medición non é indicativa da contaminación real que sofren os veciños de Nadela.

Centro de saúde

O portavoz do BNG, Rubén Arroxo, defendeu no pleno municipal unha proposición para garantir a continuidade do Centro de Saúde de Nadela. “Veciños e veciñas informaron de que levan xa máis de 2 meses sen medios no seu Centro de Saúde, que están derivando ao centro de Fingoi”, declarou Arroxo. Desde o BNG afirman que esta decisión vai mermar a calidade da atención primaria, ademais de obrigar á poboación, en moitos casos maior e con dificultades para se mover, a desprazarse de maneira innecesaria.

“Un ano máis, coincidindo coas vacacións do persoal do centro, a zona sur de Lugo perde novamente a atención sanitaria no centro de saúde máis próximo, mentres

continúa a preocupar o peche definitivo da instalación entre a veciñanza”, indicou o Tenente Alcalde. O BNG instou tamén ao Grupo Municipal do Partido Popular e á Xunta de Galiza a garantir a atención sanitaria no Centro de Saúde de Nadela á veciñanza das parroquias do sur de Lugo, cubrindo as distintas prazas libres no Centro de Saúde e garantindo a substitución do persoal durante as vacacións. Insistiu que “a Xunta de Galiza pretende pechar o centro nun proceso de desmantelamento da sanidade pública”, que indicou tamén que “dende a xubilación do anterior médico titular, a veciñanza pasou de contar con atención diaria no seu centro a poder pedir cita só durante dous días á semana”.

Méndez comprométese a mediar con Adif para mellorar o paso a nivel de Recimil

A rexedora de Lugo, Lara Méndez, acompañada polo tenente de alcaldesa e concelleiro de Transición Ecolóxica e Impulso Rural, Miguel Fernández, mantivo un encontro con representantes veciñais de Recimil e Coeo para escoitar as súas reivindicacións, logo do accidente que tivo lugar a semana pasada nun dos pasos a nivel desta parroquia. No transcurso da reunión, Méndez comprometeuse a falar cos máximos responsables do Adif no Goberno e incluso coa ministra

de Transportes na procura dunha maior seguridade da vía do ferrocarril neste punto.

Segundo a veciñanza, unha das posibles solucións é o incremento da sinalización semaforizada. De xeito que, de ser esta a medida máis acaída, a alcaldesa incidirá en que o Concello achegará se é preciso a financiación para instalala, sempre coa autorización e coa coordinación do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias para conciliar os traballos co tráfico da vía.

Un mural en Torible

O tenente Alcalde, Rubén Arroxo, xunto coa concelleira de Participación e Servizo para a veciñanza, Cristina López, desprazáronse ata Torible onde se reuniron coa presidenta da Asociación de Veciños para presentar unha nova iniciativa artística que axudará a dinamizar as distintas zonas Lugo. O concepto central da campaña é o mural realizado en Torible, co lema #EuSonDeTorible.

A concelleira Cristina López destacou a importancia que lle dan os lucenses á vida nas distintas zonas da cidade, cada unha delas “cunhas características especiais que os fan únicos”.



Con esta iniciativa búscase “poñelos en relevo, porque queremos un Lugo activo e con boa calidade de vida”.

O proxecto, que xa comezou no barrio da Cheda, aomplíase a Torible, creando “atractivo para que a xente de Lugo e a que nos visita poida desfrutar dela, e ao mesmo tempo, percorrer as distintas zonas que con-

forman a Lugo”.

Dende a Área de Participación e Servizo para a veciñanza convida-se a que a veciñanza de traslade as súas peticións para levar a cabo esta iniciativa de identidade e orgullo. Poden facelo a través do Servizo de Atención 010 ou mediante o teléfono 982 297 053.

A MAXIA DAS PARROQUIAS

Santiago de Meilán

Conta cunha igrexa parroquial da que xa se conservan documentos históricos do ano 757

A parroquia de Santiago de Meilán está situada á beira do río Miño, a unha altitude de catrocentos metros e a unha distancia de oito quilómetros da capital lucense. Esta parroquia do municipio de Lugo conta na actualidade con 299 habitantes segundo o Instituto Nacional de Estadística repartidos entre os núcleos de poboación de Castro, Distriz, Guntín, Milleirós, Pacios, Rubiana, Tolda de Milleirós, Vilar,

Barreira e Devesa. Lindando coas parroquias de Adai, Bocamaos e Tirimol, Santiago de Meilán conta cunha igrexa parroquial da que xa se conserva información en documentos do ano 757, onde se recolle a construción deste templo na honra a Xesucristo e ao Santiago Apóstolo e tamén se conserva un segundo documento do ano 762, o testamento do bispo Odoario, que recolle que foi el mes-

mo quen ordenou a reconstrución da primitiva igrexa de Meilán. O templo que actualmente se pode visitar é un bo exemplo de estilo románico rural datado do século XII pero que conta con diferentes reformas, especialmente unha de finais do século XVII e principios do XVIII. Nestas últimas reformas a fachada occidental foi reconstruída, na parte norte construíronse novas dependencias e a sacristía e ademais restaurouse a torre campanario pegada ao muro sur do presbiterio.

Da primitiva igrexa románica pódese apreciar a nave rectangular cunha cuberta de madeira e lousa a tres augas. Por outro lado a fachada principal, reformada totalmente no barroco, conta cunha porta alintelada na que se pode apreciar unha representación en pedra de Santiago. No lateral esquerdo consérvase outra porta de aspecto románico e no lateral dereito hai indicios doutra entrada que hoxe está tapiada. A construción conta con catro ventás, dúas a cada lado e un coro de madeira en alto. A ábsida, con forma semicircular precedida por un tramo recto, conecta coa nave a través dun arco triunfal de medio punto sobre semicolumnas con capiteis de decoración vexetal cun renovado tratamento escultórico. O tramo recto conta cunha bóveda de canón e o semicircular cunha bóveda de cuarto de laranxa. Tanto a nave como a ábsida conservan ménsulas decoradas con motivos antropomórficos de carácter obsceno e motivos zoomorfos no que algúns



son facilmente recoñecibles mentres que outros están demasiado deteriorados. A torre campanario situada no lado sur do presbiterio conta cunha planta cuadrangular e está formada por dous corpos graduados separados por unha cornixa. A parte superior da torre dispón dunha cúpula de media laranxa que alberga no seu interior catro campás situadas baixo arcos de medio punto, dúas posúen inscricións e datas de 1773 e 1804 respectivamente. Dentro da igrexa pódese apreciar o retablo maior, de estilo barroco, no que hai columnas salomónicas a

unha escultura de Santiago cuberto cun hábito en verde e ouro, unha capa vermella e un sombreiro. A figura de Santiago está representado tamén cun libro e báculo. Desta mesma época son as figuras de San Xosé, San Pedro e unhas imaxes da Inmaculada. Ademais deste retablo principal a igrexa de Santiago de Meilán posúe dous retablos laterais da mesma época con imaxes de San Antonio e a Virxe. Na parroquia, ademais de visitar esta igrexa declarada Ben de Interese Cultural de Galicia, tamén podemos desfrutar da contorna natural, Reserva da Biosfera.



Librería Troll

Mochilas, equipaje, bolsos y todos los accesorios que necesitas para llevar tus cosas

EASTPAK

Distribuidores exclusivos para Lugo

Síguenos en

Praza do Rei, 16 • 27002 LUGO • T.F.: 982 250 500
info@libreriatroll.com • www.libreriatroll.com

MUEBLERIAS

A tua vida ben amoblada

villamor
MUEBLES

Tfno: 982 20 08 80
www.mueblesvillamor.es

cocina - baño - decoración

MUEBLERIAS

A tua vida ben amoblada

villamor
MUEBLES

Tfno: 982 20 08 80
www.mueblesvillamor.es

ofic. N-VI (Madrid) • of. coruña km 506,4 • lugo

As marabillas que agocha a provincia

O atractivo débese á variedade de paisaxes para conectar coa natureza e coñecer paraxes

A provincia de Lugo destaca por contar cunha inmesa sintonía pola natureza, combinando as súas paisaxes ás maneiras de vivir.

Así, o mar, as montañas e os vales do interior proporcionan un imaxe de contrastes que fixo que os lucenses modelaran o seu carácter, as súas actividades e mesmo a súa forma de contemplar o mundo.

Unha mostra desta perfecta simbiose constitúena as Reservas da Biosfera declaradas pola UNESCO, cuxa extensión abarca máis do 55% do territorio e que converten a Lugo nun referente internacional. É aquí onde as paisaxes da auga, nas que os protagonistas adoitan ser o río Miño, o Eo ou o Navia, condicionan o resto da xeografía.

En Lugo tamén atopamos a maior superficie de Galicia protexida ao abeiro da Rede Natura 2000, a máis importante rede de espazos natu-

rais protexidos a nivel europeo.

Dentro dos espazos protexidos da provincia sobresaen tamén Monumentos Naturais como o Souto da Retorta en Viveiro, que acolle os maiores eucaliptos de Europa; o pregamento sinclinal de Campodola-Leixazós en Quiroga, escenario idóneo para a práctica do xeoturismo e outras formacións de gran singularidade e beleza como a praia das Catedrais, un referente do turismo galego e considerada entre as mellores do mundo.

E é precisamente o litoral cantábrico o escenario onde a arquitectura do mar se desfruta en todo o seu esplendor e neste espazo, as formas dos cantís forman o carácter dunha costa salpicada polos recunchos xeolóxicos, as rías altas, os cabos e as máis de 50 praias que constitúen un sitio marabilloso para o coñecemento da biodiversidade costeira e o patrimonio marítimo, así como a práctica de deportes náuticos.

FERVENZAS

A oferta turística de espazos naturais da provincia complementáanse coas fervezas, que se conciben como lugares idóneos para adentrarse na natureza en silencio e, simplemente, deixarse levar polo son da auga.

Algunhas das fervezas máis emblemáticas son o **Pozo da Ferida**, entre os Viveiro e Xove; ou a das **Fragas do Ermo** en Barreiros, lugar cun potente significado máxico-relixioso. No interior pero moi preto da costa destacan a ferveza do **Pozo da Onza** no Valadouro, a ferveza do **Escouridal** en Alfoz, o **Salto do Coro**, en Mondoñedo e a ferveza do **río Xestosa** en Ourel.

Xa no interior da provincia pódense admirar a seimeira de **Vilagocende**, na Fonsagrada, espectacular salto de auga de 50 metros de altura; as fervezas da **Marronda**; a ferveza de **Auga Caída** en Pantón, que verte as súas augas no Miño ou a ferveza de **Vieiros** no Courel, situada nas proximidades da Seara e de camiño á lagoa de Lucenza, en pleno sendeiro PR- G 184.

LAGOAS

Lugo conta con de 340 humidais inventariados ou recoñecidos o que fai que sexa o 40% da superficie total que existe na comunidade galega de estes espazos.

Neste tipo de formacións húmidas destacan as da Terra Chá pois acolle un importante número delas e que ademais forman parte dun refuxio preferente para aves migratorias en época invernal.

Así, as **lagoas de Cospeito, Caque, Santa Cristina, a lagoa do Rei** ou a



de Riocaldo de Begonte son só algúns exemplos onde a conservación dos espazos naturais foi compatible cos usos agrícolas e turísticos do territorio.

Outras lagoas de gran relevancia son a de **Fonmiñá**, situada no municipio da Pastoriza e considerada por tradición un dos nacementos do Miño ou a lagoa de Lucenza no Courel, singular pola súa orixe glacial e polos seus máis de 16.000 anos de antigüidade.

Para coñecer máis de preto estes espazos naturais, recoméndase seguir as rutas de sendeirismo que a Federación Galega de Montañismo homologou nas súas contornas.

COVAS

Outro anaco de paisaxes que non se pode esquecer son as covas ou cavidades. Nela destaca á do **Rei Cinto-lo en Mondoñedo** que ten máis de 6000 metros explorados e presume de ser a máis grande de Galicia así como é un dos seus grandes prodixios xeolóxicos.

A cova é un importante refuxio de morcegos e escenario de lendas populares que falan dunha princesa prisioneira atrapada na cova polo feitizo dun bruxo.

O concello de Mondoñedo organiza desde a súa oficina de turismo visitas guiadas á cova acompañadas por un espeleólogo profesional.

Igualmente, nas proximidades da cova atópase o centro de interpretación da Prehistoria, onde se pode profundar no coñecemento dos aspectos históricos, arqueolóxicos, etnográficos e naturais de Mondoñedo.

Por outra banda, e a centos de quilómetros atópase a Buraca das Choias, no municipio da Pobra do Brollón. Trátase dunha cavidade de orixe natural que foi aproveitada polos romanos para a extracción de ferro entre os séculos I a III.

A **Buraca das Choias** debe o seu nome ao feito de estar habitada no pasado por unha bandada de chovas de pico vermello. Actualmente, a cova é refuxio dunha importante colonia de morcegos, podendo tamén atopar nela reliquias botánicas como o *Schistostega pennata*, un musgo luminiscente cuxa presenza se documentou aquí por vez primeira en España e que só se atopa en contados lugares da Península Ibérica, atopándose incluído na lista vermella de especies en perigo.

Durante os meses de verán o Concello da Pobra do Brollón organiza visitas guiadas á cova para grupos reducidos, debendo efectuarse previamente a reserva no teléfono 666 435 832.

CASTROS

Os castros son poboados próximos



a áreas de gran actividade agrícola ou mineira que están fortificadas mediante murallas e foxos presentando planta circular e unha localización estratéxica que reforza o seu carácter defensivo. Na zona da Terra Chá destaca o de **Viladonga** situado en Castro de Rei, e constitúe o prototipo de asentamento castrexo do interior de Galicia. Os principais restos achados nas escavacións expóñense no seu museo arqueolóxico.

Na Mariña está o **Castro de Fazouro** en Foz que é o único escavado no litoral cantábrico. Foi habitado entre os séculos I e III d. C. Actualmente só se conserva da súa estrutura orixinal un conxunto de nove construcións, xa que a erosión mariña provocou a desaparición dunha parte considerable do conxunto orixinal.

Xa cara o interior está o de **Zoñán** en Mondoñedo que se caracteriza por ser o primeiro castro escavado en Galicia no ano 1867, traballos que non se retomarian ata o ano 2002. Datado entre os séculos I e V d.C, presenta diferentes estruturas entre as que se encontran vivendas, pequenas rúas que as comunican e eiras nun moi bo estado de conservación.

Xa cara o centro da provincia está o de **Castromaior** en Portomarín, xunto ao Camiño de Santiago, e está considerado un dos castros máis relevantes da Idade do Ferro no Noroeste peninsular. O conxunto destaca pola súa monumentalidade, contando cun recinto principal e outros cinco secundarios que o prolongan cara ao leste e o oeste.

Cara o sur da provincia pódense atopar o **Castro Candaz**, en Chantada, un peculiar castro datado de época romana atópase parte do ano mergullado baixo as augas do encoro de Belesar. O **Castro de Fión** na parroquia de Arxeriz, no municipio do Saviñao, sobre un espolón rochoso con vistas ao mítico meandro do Cabo do Mundo, no río Miño, e a outros castros situados na zona.

No municipio de Paradela está o **Castro de Barán** que está formado por dúas terrazas, unha croa e un foxo. Destaca o seu estudado plan urbano e a súa contorna, nas inmediacións dun frondoso souto de castiñeiros.

Nos municipios da montaña lucense existen numerosos asentamentos utilizados para albergar aos traballadores das explotacións auríferas romanas. É o caso do castro de **San Lourenzo** da Cereixa, na Pobra do Brollón e o **castro de Santa María de Cervantes**, reutilizados como necrópoles medievais, ou os **castros de Vilar e A Torre**, no Courel.

CÍCULOS LÍTICOS

En diferentes puntos da xeografía da provincia existen círculos líticos



ou cromeleques, que son estruturas construídas con grandes pedras dispostas en forma circular. Algúns dos exemplos máis destacados hoxe en día sitúanse en Barreiros, Lugo e O Valadouro.

O círculo lítico da **Roda**, en Barreiros, é unha enigmática estrutura megalítica da Idade do Bronce, encadrada na tipoloxía dos henge británicos, que se remonta no tempo uns 4500 anos. Seguindo os estudos sobre o círculo de Stonehenge, situado en Amesbury, en Inglaterra, podería ter un carácter relacionado coa relixión, coa celebración de actos de carácter social, coa observación astronómica dos ciclos da natureza ou con rituais de carácter funerario. En calquera caso, as hipóteses que tratan de explicar o significado destas estruturas só conseguiron alimentar o halo de misterio que as rodea. O círculo da Roda ten un diámetro duns 50 metros e está circundado



por un foxo exterior de entre tres e catro metros de diámetro e un de profundidade. O círculo está flanqueado á súa vez por dous muros separados por un foxo que dá lugar á formación dunha estrutura en parapeto que acadaría os 2 metros de altura. Na posible zona de entrada consérvase unha pedra vertical, delimitando o acceso.

A existencia de círculos líticos é moi excepcional no continente Europeo, á marxe dos achados nas Illas Británicas. Na provincia de Lugo foi documentada a existencia doutra estrutura megalítica circular na parroquia de **Coeses**, en Lugo. Tamén na Mariña pero nesta ocasión no Valadouro, atopamos o misterioso **Prado das Chantas**, do que se conservan unhas 250 pedras, e os círculos **das Pedragosas**, próximos ao anterior, aínda que ata o de agora non se puido arroxar luz sobre a súa cronoloxía e os seus usos orixinais.



GRAVADOS RUPESTRES

Os petróglifos son gravados realizados ao aire libre sobre grandes rochas ou laxes empregando diferentes técnicas segundo a súa datación. Adoitan presentar elementos zoomorfos, cazoletas escavadas na rocha, espirais, círculos concéntricos, figuras humanas, armamento, cruces ou labirintos. En liñas xerais, datan do período comprendido entre o século XX ao VIII a. C., aínda que tamén os hai de época medieval ou moderna. Na provincia podemos atopar dúcias de exemplos, destacando pola extensión da súa superficie os de Antas de Ulla, situados en **San Fiz**, no alto do **Monte Farelo**, onde atopamos unha das maiores concentracións de arte rupestre da provincia. Tamén en municipios do sur, como é o caso de Sober, existen destacados exemplos como os de **Proendos e Bolmente** e, na Terra Chá, destaca o círculo de **Donalbai**.



DEPUTACIÓN

Constitución do novo Goberno provincial

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, presentou este mércores na Sala de Xuntas do Pazo de San Marcos a estrutura do novo Goberno provincial, así como a organización que rexerá o funcionamento orgánico da institución provincial neste mandato 2023-2027. Uns asuntos que, previsiblemente, serán ratificados polo Pleno extraordinario que se celebrará esta mesma mañá, tras ser consensuados polos tres grupos políticos da Corporación.

José Tomé Roca anunciou que ademais das funcións propias da Presidencia (dirixir o Goberno e a Administración, representar á Deputación Provincial de Lugo e presidir todas as comisións, sesións, xuntas de goberno ou plenos, entre outras), continuará dirixindo a área de Xestión Territorial, que inclúe as materias de Vías e Obras, Parque Móbil e Unidade de Proxectos, dentro do seu “compromiso prioritario” coa mellora da mobilidade e do equilibrio territorial.

A Xunta de Goberno seguirá estando formada por 9 deputados. Ademais de pola súa persoa, integrarán este órgano: Efrén Castro Caloto, Pilar García Porto, Pablo Rivera Capón, Mayra García Bermúdez, Miguel Fernández Méndez, Xosé María Arias Fernández, Iván Castro Díaz e Daniel García Fernández.

Crearanse dúas Comisións Informativas, coma no anterior mandato: a Comisión Xeral de Asuntos do Pleno e a de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, que presidirá o Presidente e terán 3 integrantes do grupo provincial do PSOE, 3 do PP

e 1 do BNG. Por outra banda, mantense a periodicidade e a hora das sesións ordinarias do Pleno –os últimos martes de mes, ás 11:00h- e das Xuntas de Goberno –o venres de cada semana, ás 11.00h-.

ÁREAS DE GOBERNO

- Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo. Pilar García Porto. Tamén continuará como voceira socialista.
- Promoción Económica e Social. Pablo Rivera Capón.
- Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas. Mayra García Bermúdez.
- Cooperación e Asistencia aos Concellos. Xosé María Arias.
- Participación Cidadá. Iván Castro Díaz.
- Muller e Igualdade. Marisol Morandeira Morandeira.
- Formación, Ensino e Economía do Coñecemento. Miguel Fernández Méndez.
- Medio Ambiente. Carlos López López.
- Recursos Sostibles. Francisco Cajoto Caserío.
- Deportes, Artesanía e Deseño, e Memoria Histórica. Efrén Castro Caloto, Vicepresidente.
- Medio Rural, Mar e Mocidade. Daniel García Fernández
- Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística. Iria Castro Fernández.

A Deputación proporcionará gratis ferramentas tecnolóxicas

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou un convenio de colaboración cos 52 alcaldes e alcaldesas da provincia que decidiron sumarse ao Impulsa TIC, un novo proxecto da institución provincial a través do que proporcionará gratis ferramentas tecnolóxicas ás entidades locais para avanzar na súa modernización e transformación dixital. Para elo, conta con 4,5 millóns de euros que conseguiu do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia que o Goberno central ten en marcha cos fondos que logrou da Unión Europea para facer fronte ós efectos da pandemia e modernizar a economía do país.

En presenza dos responsables municipais que decidiron sumarse ao Impulsa TIC e do deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, o presidente explicou que a de Lugo sitúase á cabeza das institucións provinciais de toda España que recibiron máis fondos desta liña de axudas convocada polo Ministerio de Política Territorial, xunto ás de Barcelona, Valencia e Sevilla, “o que dá boa conta do nivel e da calidade da candidatura que presentamos”.

Este programa estivo aberto a todos os municipios da provincia de menos de 20.000 habitantes e puxo en valor que participasen, finalmente, preto do 80% dos concellos que podían facelo.

Tomé Roca, quen enmarcou esta iniciativa no seu compromiso de consolidar a cooperación cos concellos neste mandato, subliñou que as administracións gañarán “cercanía, axi-



lidade e transparencia” cos servizos e equipamentos que a Deputación lles facilitará atendendo ás súas necesidades específicas e con criterios obxectivos. Puxo como exemplo a axilización de trámites á cidadanía, como a presentación de documentos por Rexistro, a instalación de sistemas para a gravación dos plenos ou a mellora da accesibilidade das páxinas webs municipais.

Apuntou que “tendo en conta a autonomía municipal, os concellos manifestaron xa cal é a súa situación particular en materia dixital, cal é o seu punto de partida e as súas prioridades, para agora proporcionarlles os recursos máis axeitados a esas necesidades específicas, que distribuiremos dun xeito moi semellante a como o facemos co Plan Único, é dicir, en base a criterios obxectivos”, destacou Tomé Roca, quen engadiu que desta forma “garantimos unha xestión eficaz e transparente dos fondos europeos que recibimos”.

Concretamente, os concellos da adheridos son: Abadín, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Burela, Castroverde,

Cervantes, O Corgo, Cospeito, Chantada, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Foz, Friol, Guitiriz, O Incio, Láncara, Lourenzá, Meira, Monforte de Lemos, Monterroso, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, As Nogais, Outrol, Pantón, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, Pobra do Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarín, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada, Trabada, Vilalba, Viveiro, Xermade e Xove.

O responsable da sección de Novas Tecnoloxías da Deputación, Nicolás Fariña, explicou brevemente as liñas técnicas sobre a funcionalidade destes fondos e a folla de ruta que desde a institución provincial se seguirá da man dos concellos para desenvolver os proxectos e avanzar na transformación e modernización dixital dos concellos. Nese sentido, avanzou que, xa firmados os convenios, durante o mes de outubro deste ano abrirase un período para que a Deputación licite o subproxecto de cada concello, coa finalidade de poder comezar coa implantación antes de final de ano.

Homenaxe a gandeiros xubilados

Os gandeiros e gandeiras da provincia que cesaron a súa actividade o ano pasado por xubilación foron homenaxeados nun acto organizado pola Asociación Nacional de Criadores de Gando Vacún Selecto de Rubia Galega, Acruga. Na cita, que se celebrou este mediodía no Pazo de Feiras e Congressos de Lugo, Francisco Cajoto aproveitou para poñer en valor o traballo dos gandeiros e destacar como “unha das prioridades” da Deputación o sector agrogandeiro, no marco do seu compromiso cos sectores produtivos en xeral.

“É unha satisfacción que precisamente un dos primeiros actos institucionais nos que teño a oportunidade de participar en representación da



Deputación de Lugo, como responsable da área de Recursos Sostibles, sexa cos gandeiros de Acruga e que sexa nun encontro tan importante coma este, no que recoñecemos o enorme traballo de persoas sen as

que o sector gandeiro da nosa provincia e a propia provincia en si non sería o que é hoxe”, asegurou. Xunto ao deputado participaron o presidente de Acruga, César Dorado e a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez.

110.000 euros para asociacións das Reservas da Biosfera

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou a listaxe provisional dos 37 beneficiarios da liña de axudas en réxime de concorrencia competitiva que convoca a institución provincial por un importe de 110.000€ para entidades sen ánimo de lucro asentadas ou que teñen o seu ámbito de actuación nas Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, sinalou que nesta terceira edición do programa de subvencións, “que implantamos no pasado mandato, decidimos po-

tencialo subindo o orzamento nun 30%, ata os 110.000€, polo bo resultado que tivo nestes anos, o que nos permitirá desenvolver máis proxectos de dinamización das Reservas da Biosfera”.

Estas axudas teñen por finalidade apoiar proxectos vinculados ao medio ambiente e o rural que poñan en valor o patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios, e forman parte da estratexia que promoven dende a institución provincial para favorecer o coidado das Reservas da Biosfera e, ao mesmo tempo, impulsar o seu desenvolvemento económico.

AO NOSO CARÓN

friol

O Concello renovará o alumeado no campo de fútbol da Reigosa

As obras proxectadas polo Concello de Friol para levar a cabo esta instalación de aforro e eficiencia enerxética na iluminación pública exterior do campo de fútbol e o entorno do mesmo ascenden a case 100.000 euros, que serán subvencionadas pola Xunta de Galicia, a través de Vicepresidencia da Deputación.

Na actualidade o alumeado existente no campo de fútbol de Friol, na rúa de acceso, e no mercado gandeiro, encóntrase en condicións moi deficientes, con luminarias con un elevado consumo de enerxía eléctrica, polo que leva ao concello a ter que asumir un elevado coste económico. Estes traballos no campo de fútbol veñen dados tamén debido ás peticións que dende todos os club de fútbol do pobo veñen solicitando dende fai un tempo, debido á mala calidade lumínica da instalación actual, que fai que os partidos que se teñen que disputar en días ou en horarios con pouca visibilidade, provoquen as queixas dos árbitros e dos equipos rivais.

Con este proxecto vaise realizar a renovación do alumeado existente, colocando novas luminarias e proxectores de tipo LED de menor potencia, con dobre nivel, realizárase a instalación de un descargador de tensión e unha nova toma de terra en cada cadro de protección e



mundo existente.

Para dar cumprimento á normativa de NIDE de iluminación en campos de fútbol e realizar a iluminación adecuada é necesario substituír os postes de formigón existentes de 11 metros de altura por unhas torres de iluminación de 15 metros para colocar os proxectores led.

En canto ao mercado gandeiro realízase a substitución dos proxectores existentes por outros máis eficientes en led.

Con estes traballos, cos que se incrementará en máis de un 30% o número de puntos de luz existentes, e cos que será moito menor a potencia consumida en quilovatios, conseguirase que o consumo enerxético, e polo tanto os custos, se vexan reducidos en máis de un 40%.

O Concelo continúa así na súa labor de renovar todas as luminarias do

alumeado público, para conseguir reducir costes enerxéticos, reducir custos de mantemento, mellorar a calidade lumínica, reducindo polo tanto as emisións de CO2 e outros gases invernadoiro, e concienciar, na medida do posible, do aforro enerxético que se consegue no alumeado público e que tamén poden conseguir nos seus fogares ou negocios.

O alcalde popular, Jose Ángel Santos, di que "consideramos que estes traballos de cambio de luminarias no alumeado público, para os cales aproveitamos as subvencións que podemos solicitar, son moi importantes para aforrar tanto en consumo enerxético como en cartos das arcas municipais, xa que as facturas de enerxía se ven reducidas notablemente, polo tanto, seguiremos con esta labor ata que consigamos o cambio do 100% das luminarias".

As obras da vía Lugo-Friol obrigan a alternar o tráfico entre os carrís

As obras de reforzo do firme que acomete a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade na estrada autonómica LU-232 (Lugo-Friol) obrigan a cortar un carril e dar paso alternativo polo outro nos dous sentidos de circulación mediante regulación semafórica.

As restricións limítanse ás horas nas que os equipos están traballando e aos treitos nos que interveñen en cada momento a medida que avanza as obras. En canto ao grao de execución da intervención, iniciada este mes, apuntou que neste momento ronda o 30%.

A obra afectará a toda a lonxitude da vía e á superficie completa da calzada. Nas partes deterioradas estanse a realizar fresados localizados e a súa posterior reposición con mestura bituminosa en quente a carril completo.



A continuación aplicarase en toda a calzada unha capa de microaglomerado en frío, que uniformará a superficie de rodaxe e incrementará a impermeabilidade da vía e a adherencia dos pneumáticos ao pavimento, xa que se empregan áridos

de altas prestacións.

A actuación ten un orzamento de 1,2 millóns de euros e forma parte dun contrato por importe total de 2,1 millóns de euros que engloba actuacións en tres estradas autonómicas da provincia de Lugo.

Rehabilitan cunha axuda o centro social de Vilalvite



A Consellería do Medio Rural asinou un convenio para a concesión dunha achega de case 132.000 euros coa finalidade de levar a cabo un proxecto senlleiro de urbanización exterior e rehabilitación interior do centro social de Vilalvite, no concello lugués de Friol. Desta forma, consolídase un compromiso acadado polo propio conselleiro do Medio Rural, José González, nunha xuntanza mantida co alcalde.

Este proxecto senlleiro consistirá na mellora das instalacións, actualmente deterioradas, para que ofrezan condicións de seguridade, salubridade e habitabilidade adecuadas para que os veciños poidan gozar delas. Así, na parte exterior acondicionarase a parcela onde se sitúa a edificación, creando unha superficie horizontal empedrada para unha nova rampla e escaleira.

Tamén se acondicionará unha parte da parcela para un aparcamento de vehículos, mantendo a mesma topografía. Por último, ocultarase o saneamento das cunetas existentes e habilitarase unha nova zona para os contedores de lixo.

Na parte interior do centro social, cambiaranse as carpinterías e acabados interiores e exteriores. Tamén se rehabilitarán as cubertas da edificación e acondicionarase o aseo, a rampla e escaleiras que dan ao exterior para adaptalas ás persoas con mobilidade reducida. Desta forma, o edificio -construído no ano 1970 como escola unitaria- destinarase a usos culturais e de reunións para a veciñanza de Vilalvite e da súa contorna, mellorando así a calidade de vida da poboación e potenciando o seu arraigamento sobre o territorio.

Imparten cursos de natación no mes de agosto nas piscinas

O Concello de Friol imparte cursos de iniciación e perfeccionamento de natación nas novas piscinas municipais este mes.

Estes cursos, que estarán subvencionados, impartiranse ata o 31 de agosto e o número de prazas é limitado polo que é importante

facer a reserva na piscina o antes posible.

Haberá tres quendas. A primeira será do 1 ao 11 de agosto, a segunda do 14 ao 25 e a terceira do 28 de agosto ao 8 de setembro.

O prezo será de 10 euros para socios e 15 para non socios.



MAIORES. Un ano máis, o pavillón de Friol acolleu a celebración do Día do Maior cun xantar no que participaron centos de veciños, que puideron desfrutar dun menú galego en plenas festas patronais. Na celebración, patrocinada e organizada polo Concello de Friol, non faltou a festa, a conversa e o recoñecemento aos maiores do termo municipal.

Centos de persoas estiveron na Convivio da Cultura Galega



Centos de persoas celebraron en Outeiro o X Convivio da Cultura Galega, o encontro anual do asociacionismo cultural de base. A xornada estivo presidida polo ambiente festeiro que encheu a Carballeira de Santa Isabel desde pola mañá, onde as persoas asistentes puideron gozar coas actuacións da Banda de Música Sons e Soños acompañada pola fadista galega Iria Estévez o guitarrista portugués Artur Caldeira e a foliada, conducida por Xurxo Souto, que serviu poara poñer o colofón ao convivio. Por décimo ano consecutivo, a Casa Museo Manuel María acolleu a xuntanza das asociacións que integran a Federación Galiza Cultura. Tamén se celebrou unha ofrenda a Manuel María e Saleta Goy no ce-

miterio de Outeiro. Manuel Ansele, presidente da Fundación de Estudos Galegos Manuel María e co organizador do convivio desde a primeira edición quixo salientar a “boa acollida” desta iniciativa que “equilibra festa e cultura”. Nos dous eidos aprecia unha evolución nestes dez anos “no cultural pasou de ser un lugar de intercambio de experiencias a un lugar no que xorden iniciativas de traballo conxunto; no ámbito da festa traballamos para visibilizar unha pluralidade de expresións saídas das entidades de base”. O encontro está organizado pola Casa-Museo Manuel María e a Federación Galiza Cultura, co apoio da área de Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

O BNG reclama a atención pediátrica para Cospeito, Castro de Rei e Outeiro de Rei

A deputada do BNG, Carme Aira levou de novo ao Parlamento galego as deficiencias da Atención Primaria na provincia de Lugo e concretamente ás dos consultorios de Castro en Carballedo, Baamonde, Castro de Rei e Parga pechados así como a falta de facultativos en Castro Riberas de Lea, Baleira, Pantón e de pediatria en Vilalba, Monterroso ou Monforte... “sen que se resolvera en ningún momento e despois de anos de déficits”.

A deputada do BNG explicou que os concellos mencionados son moi extensos e cunha poboación envellecida afectada de patoloxías que precisan atención sanitaria nos domicilios pero isto, dixo, non é posible ante a falta de persoal e a saturación. Por outra banda, dixo, os 3 concellos afectados, Cospeito, Castro de

Rei e Outeiro de Rei, están a 30 e 11 km de distancia da capital da provincia, e contan con 5.000 habitantes e cunha importante redución da poboación que conleva a perda de financiamento, polo que “colocarse por riba dos 5.000 habitantes pode ser vital para eles”, e o feito de non ter un servizo normalizado de pediatria condiciona ás familias á hora de empadroarse. De feito, moitas delas, recoñecen que non se atreven a deixar Lugo para ter garantida a asistencia pediátrica por parte dun especialista.

“Os tres concellos compartían unha pediatra, 2 días en Cospeito que ten 317 crianzas, 2 en Castro de Rei con con 469 e 1, o venres en Outeiro con 579, un total de 1.365 nenos e nenas que se ven “sen atención médica pediátrica con demasiada frecuencia”.

Outeiro de Rei entra no programa Redecinema de FalaRedes

Presentaron o programa Redecinema, unha proposta de cine en galego ao aire libre coa que a Xunta de Galicia amplía a oferta de ocio para este verán dentro do programa de dinamización lingüística FalaRedes 2023. Ten o obxectivo de “achegarlle o cine en galego á xente e dunha maneira especial á xente nova, que se move moito máis no ámbito da cultura audiovisual; e tamén é importante que as propostas de ocio en galego estean na rúa, onde se vexan ben e onde todo o mundo poida gozar delas”.

Pola súa parte, o director de Industrias Culturais celebrou a oportunidade que esta programación supón para a difusión entre un público amplo do cinema producido en Galicia nun momento no que está a acadar a súa maior actividade, así como o valor da experiencia de gozalo en pantalla grande e dun xeito descentralizado xeograficamente. Redecinema é un ciclo de proxeccións de filmes en galego en formato cinema de verán (ao exterior e



con gran pantalla) que viaxará por 18 concellos membros da Rede de Dinamización Lingüística durante os meses de estío. Para chegar a todos os públicos, a compañía ofrece a cada concello a oportunidade de elixir entre os títulos do seu catálogo: *Cuñados*, *Melancolía*, *A Galiña Turuleca*, *A illa das mentiras*, *Engurras*, *Eroski-paraíso*, *Jacinto* e *O que arde*. O primeiro pase foi no Concello de Negreira, onde as persoas interesadas puideron achegarse ás 22.30 ho-

ras para gozar do filme de animación infantil e familiar *A galiña Turuleca*. Este mesmo filme poderá verse na praza da vila o día 22 de setembro, ás 22 horas.

Tamén estarán nos concellos de Forcarei, Allariz, Pontearreas, Laxe, A Larcha, Ares, Xove, Sober, Lobios, Viana do Bolo, Maside, Barro, Silleda, O Rosal, Beariz e Mondoñedo. As datas, horas e lugares exactos poderán consultarse na Axenda de Cultura de Galicia e no Portal da Lingua Galega

pol

A CHMS limpa os ríos da localidade

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), Organismo autónomo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, continúa traballando na limpeza de leitos e marxes dos ríos de Lugo. Estas actuacións están incluídas na conservación do Dominio Público Hidráulico (DPH) dos ríos da Demarcación Miño-Sil para 2023.

O caudal dos ríos no verán permite traballar con seguridade e por iso intensificáronse os traballos con catro brigadas para a provincia de Lugo, desprazadas aos ríos Cinsa, en Monforte de Lemos; Cabe nos municipios de Morforte, Pantón e Sober; río Pol en Pol; e nos ríos Úbeda e Das Quintas ao seu paso pola Pastoriza. Estas actuacións teñen como obxectivo garantir a continuidade fluvial dos leitos e para iso realízanse traballos de roza selectiva de matogueira perimetral, poda e clareo de ramas baixas e curta sanitaria de pés secos para evitar tapóns nas infraestruturas de paso.

En puntos concretos que así o requiren, procédese á estabilización de marxes e loita contra especies invasoras que poidan afectar o estado das masas de auga. Ademais, procé-



dese á retirada de residuos sólidos urbanos presentes, sobre todo, en tramos urbanos.

Previo ao comezo da execución, os traballos foron notificados á Concellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda e incorporáronse ás memorias todas aquelas recomendacións ou condicionantes adicionais que achegaron para a correcta execución dos traballos en zonas con algunha figura de protección. “Queremos traballar con seguridade e sempre en beneficio do medio ambiente”, explicou José Antonio Quiroga, presidente do Organismo de conca.

“Estes traballos, realizados a solicitude dos concellos, colectivos veciñais, particulares e, sobre todo, despois das inspeccións da nosa gardería

fluvial, son a clave para mellorar a capacidade de desaugadoiro do río e evitar danos ás persoas e os seus bens en momentos de intenso caudal” matizou Quiroga.

“Desde a CHMS traballamos para que os cidadáns gocen e valoren a riqueza natural que forman os ríos e o ecosistema que os sustenta, coñecer para valorar, leste é o obxectivo”, concluíu o presidente.

As actuacións de conservación e mantemento de leitos son competencia das Confederacións Hidrográficas, coa excepción de leitos públicos situados en espazos urbanos cuxa competencia corresponde á Administración competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo.

Regresa a Malla de Castro de Rei logo de tres anos sen celebrarse

O concello de Castro de Rei recupera este ano a popular Festa da Malla logo de tres anos sen celebrarse pola pandemia da covid. Precisamente este ano cumprírase a edición número XX.

Como sempre, a festa dividírase en tres xornadas. A primeira, a sega, tivo lugar o sábado 22 de xullo na finca de Gulpilleiras, onde se traballou en 4.000 metros cadrados. A seguinte xornada terá lugar o 13 de agosto coa meda que dará comezo ás 11.00 horas no campo da feira de Castro de Rei coincidindo coa feira quincenal.

Para rematar, o domingo, 20 de agosto, regresa a malla, día principal da festa, que comezará ás 10.00 horas no campo da feira. Ao mediodía será o xantar popular amenizado por un dúo musical. Novamente a organización preparará, como en anos anteriores, uns tickets para mercar os intere-



sados en sumarse á comida, que estarán dispoñibles para a súa compra desde o 22 de xullo ata o 17 de agosto no Supermercado Claudio, Germán Naval Lage e Libería Maduca.

O menú do xantar da Malla está composto por empanada, cachola, chourizo, sardiñas, membrillo, queixo, pan, bebida e café e o pre-

zo da tarxeta será de 18 euros.

Un ano máis esta festividade está organizada pola Asociación Amigos da Feira, que leva 20 edicións ocupándose desta festa coa que se intenta recuperar unha tradición agraria da zona.

As previsións estiman unha participación de 600 persoas, que é o número habitual das últimas citas.

Arranca o segundo Certame de Teatro Aficionado

Debido ao éxito do pasado ano, Os Baluros celebra en Castro de Rei o segundo Certame de Teatro Aficionado que arrincou o sábado 29. As representacións terán lugar os sábados ás 21.00 horas no centro cultural Xosé Manuel Carballo.

O certame deu comezo cunha presentación, ás 20.30 horas, a cargo de Os Baluros, para continuar coa representación de *O Muro*, a cargo de grupo de teatro Trípede de Alfoz. As representacións continuarán o día 5 de agosto *ODT-TIVE*, do grupo de teatro O Torques, de Burela; e o 12 con *Para o amor nunca é tarde*, do grupo de teatro da asociación Abrente das Nogais. Rematarán o ciclo o 19 de agosto coa obra *Ao carón das palabras*, de Metátese Teatro. En todas as representacións a entrada será libre ata completar o aforo.

Visita da mocidade na emigración a Rozas

Os preto de 30 mozos e mozas galegos do exterior que chegaron a pasada semana para participar no programa Conecta con Galicia da Secretaría Xeral da Emigración visitaron nas últimas horas o Polo Aeroespacial en Rozas para achegarse ao mundo da innovación e a realidade empresarial.

Supervisan o proceso de concentración parcelaria en Viladonga



O conselleiro do Medio Rural, José González, acompañado pola directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Inés Santé, visitou a nova parcelaria decretada no municipio de Castro de Rei, que, xunto coas de Cospeito, supoñen a reorganización de algo máis de 2.300 hectáreas de terreo que permitirán paliar o minifundismo nesta comarca.

Neste senso, o titular deste departamento destacou que as novas concentracións parcelarias teñen unha concepción moderna das estruturas, as cales buscan favorecer o desenvolvemento económico das explotacións e reducir os seus custos económicos de produción. Por iso, salientou que o compromiso do Executivo galego é rematar

as concentracións que están activas para poder seguir decretando novas parcelarias.

De feito, José González salientou que desde o ano 2020, a Xunta rematou un total de 27 concentracións parcelarias, que abarcaron unha superficie total de máis de 18.700 hectáreas, beneficiando algo máis de 13.200 propietarios que recibiron case 29.300 títulos de propiedade.

En Castro de Rei, a nova parcelaria de Viladonga conta cunha superficie de 575 hectáreas e está agrupada en 804 predios pertencentes a un total de 173 veciños. Con esta nova concentración, este concello lucense suma un total de 12 parcelarias, das cales 10 están xa rematadas.

Castro Ribeiras de Lea está de festa ata o día 7

Castro Ribeiras de Lea celebrará as súas festas patronais na honra a San Roque e Dulce Nome de María como vén sendo habitual a primeira fin de semana de agosto.

As celebracións arrancarán o venres 4 cunha gran churrascada veciñal, á que están invitados veciños e colaboradores destas festas, que todos os anos contan cun elaborado programa festivo.

Novamente a localidade contará con algunhas das orquestras máis destacadas do panorama musical. Abrirá o venres a macrodisco móbil Hermo en sesión verbena para continuar nos seguintes días con Alabama Show (en dobre sesión) e Grupo Beatriz o sábado; Stereo (tamén con dobrete) e Cinema o domingo para rematar o luns con Status (en vermú e verbena) e o Combo Dominicano como peche das celebracións.

As festas contarán co seu apartado relixioso con misa o sábado, domingo e luns ás 13.30 horas e o pregón estará ao cargo do periodista Francisco Campos Freire, natural da localidade, que será o domingo ás 14.15 horas, despois da misa. Ademais, dentro da programación festiva destacan os pasacalles que



comezaran cos Valuros, o sábado ás 12.30 horas, e a da charanga 555 a partir das 11.30 do domingo.

Ademais, na noite domingo, a partir da 1.30 horas haberá unha sesión de fogos de artifício.

As festas contarán co seu apartado específico para os máis pequenos. O sábado están previstos xogos tradicionais e animación no campo da festa a partir das 18.30 horas e o domingo será a vez dunha gran festa desde las 18.00 ata as 21.00 horas con festa da escuma, inchables, karaoke e máis actividades, a cargo de Total Sport.

Os socialistas urxen ao Concello o arranxo das áreas de ocio

A voceira socialista, Alba Sinda reclama ao Concello o arranxo e mantemento das infraestruturas de ocio da vila. Concretamente, demanda "o adecentamento e a limpeza das áreas recreativas de Castro de Rei e a de Castro Ribeiras do Lea, así como ás pistas deportivas de Castro e a sinalización da Ruta BTT.

Os socialistas esíxenlle ao goberno do PP "unha limpeza urxente para que estas instalacións poidan ser usadas, aló menos no último mes do verán". As dúas áreas fluviais, tanto a de Castro de Rei como a de Castro Ribeiras do Lea, "atópanse nun estado de total abandono, facendo imposible o baño da veciñanza nas súas augas". E polo que se refire a ruta da BTT, pese a ser moi utilizada polos afeccionados ao ciclismo, "evidenciamos a falla de sinais, así como o seu deterioro actual o que complican o seu uso polos visitantes".

Por último, as pistas deportivas de Castro Ribeiras do Lea, aínda que si poden utilizarse, "amosan un estado de abandono, xa que tal e como comprobamos a canastra está rota,



nacen herbas polo medio das pistas, as porteiros non teñen rede e as instalacións están sucias", lamentan dende o PSdeG.

PLENOS. A voceira socialista reclama ao Concello tamén as retransmisións en directo das sesións plenarias que se celebran na localidade. "Parécenos fundamental e prioritario que as decisións que se toman no noso Concello poida coñecerlas toda a veciñanza de primeira man e poidan chegar a tódalas parroquias de xeito transparente", explica a voceira.

o corgo

Dúas asociacións localizan novos xacementos arqueolóxicos

A asociación de recreación histórica Tir Na n'Og e o colectivo Patrimonio dos Ancares veñen de comunicar a Patrimonio da Xunta de Galicia a localización de dous novos xacementos arqueolóxicos nos concellos do Corgo e Baralla.

O primeiro foi na parroquia de Cerceda (O Corgo), a unha altitude de 400 metros, no monte coñecido co evocativo nome de O Castrillón onde puideron comprobar a existencia dunha estrutura circular duns 50 metros de diámetro cun paraiteo que a circunda en todo o seu perímetro de 3-4 metros de ancho e unha altura que en ningún caso sobrepasa o medio metro. Atópase cuberto pola maleza. A imaxe onde mellor se aprecia é a do voo americano do ano 1956-57.

Nos últimos anos están a documentarse en Galicia varios destes enigmáticos círculos (ata o momento detectáronse pouco máis de medio cento). Polo de agora descoñécese cal sería a súa función pero pode que estean vencellados a algún tipo de ritual, sen desbotar o funerario, ou que se trate de lugares onde as sociedades prehistóricas se xuntaban para facer reunións de tipo político, social ou relixioso. O primeiro documentado en Galicia foi o famoso da Roda de Barreiros onde xa se efectuou algunha intervención onde, como resultado das análises radiocarbónicas, fixouse o momento da súa construción no Bronce Medio



(séculos XVII e XVI a. C.). O último documentado ata o presente localizámolo o pasado mes de xaneiro, tamén no concello de O Corgo, que xa foi catalogado pola Xunta de Galicia. Estes xacementos, que ata non hai moito tempo tiñáanse como castros, poden considerarse como excepcionais se temos en conta que fóra das Illas Británicas, que saibamos, non se tiñan localizadas este tipo de estruturas polo que consideramos a necesidade da realización de estudos e escavacións que permitan despegar os enigmas que presentan estas sorprendentes estruturas que poden achegar novas informacións sobre a prehistoria de Galicia. Ademais, é moi posible que varios castros, catalogados como tal, non o sexan e se trate de círculos cunha cronoloxía anterior.

O segundo xacemento arqueolóxico documentámolo na parroquia de

Vilachambre, no concello de Baralla. "Trátase dun castro situado a 655 metros de altitude, coñecido como Monte Celso, alusión a un monte pouco elevado, se ben hai quen o interpreta, cremos que erradamente, como Monte do Ceo", din. De forma tirando a ovalada, ten unhas medidas aproximadas de 190 por 170 metros o que o converte no de maiores dimensións localizado ata o presente no municipio. Hai anos, a súa croa foi utilizada para tarefas agrícolas o que ocasionou a perda de gran parte da muralla que o circundaba, conservándose na actualidade só a parte que o pechaba polo este. Hoxe en día está cuberto de árbores e maleza. Moi próximos, nun radio de un quilómetro, hai outros tres castros: A Croa, Teixeira e O Reguendo. No municipio, ata o presente, están inventariados 43 castros.

Abre na biblioteca a mostra fotográfica 'Hai presente'

O Concello, a través do Proxecto Corgoral e da biblioteca do PALCO-Punto de Atención á Lectura do Corgo organiza para este terceiro trimestre a mostra fotográfica temporal titulada *Hai Presente*.

Hai presente nace como posta en valor de todos eses artistas da terra que fan tanto por manter a cultura galega no lugar que se merece, así como da imperante necesidade que ten achegar esa mesma cultura a zonas do rural onde é máis complexo atopar exposicións, museos ou actuacións no día a día. A mostra, a cargo da barallense Esther López e da veciña de Lánca Sandra López, consta de 15 retratos de diferentes artistas galegos vencellados o rural e doutra serie de fotografías e presentacións de traballos elaborados polos mesmos.

O Río Chamoso acolle o seu tradicional festival folk os días 5 e 6

O Concello do Corgo, coa colaboración da Asociación Cultural A Legua Dereita, organiza o Festival Folk Río Chamoso, que este ano cumpre a súa edición número XVIII.

O programa arrancará o sábado 5 con xogos e animación infantil a partir das 18.00 horas, que se completarán, ás 21.30 horas coas actuacións de Shenanigans e Grupo de Tres.

O domingo abrirá o programa de actos, ás 12.30 horas, a Feira de Artesanía e Oficios Tradicionais, durante a que atuará A Legua Dereita.

Á tarde está prevista a actuación de Gaiteiros de Saci-A Re-



bolaxe, nunha actuación dentro do programa Tradigalu, da Deputación.

Ás 17.30 horas comezará o propio Festival Folk coa actuación de E.M.B.T. de Coirós, xunto cos grupos Silandeiras e Repoludas e A.C. A Legua Dereita do Corgo na contorna desta área recreativa.

Ferreira de Pallares celebra en agosto a súa XVII Festa Artesanal

A asociación Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares organiza o día 13 de agosto unha nova edición da Festa Artesanal que ten como obxectivo promover os traballos artesanais e por en valor o conxunto monástico.

Artesáns realizarán demostracións en vivo no recinto da feira, que se abrirá ás 11.00 horas. Haberá unha ampla representación de oficios tradicionais e artesanais: cestería, talla de madeira, xoiería, cantería, pirogravado, ferrería, ebanistería e construción de instrumentos musicais, olería, elaboración de bonecos ou apicultura.

Ademais, haberá unha degustación gratuita de filloas a partir das 13.00 horas. Media hora despois terá lugar a lectura do pregón, a cargo de Cheché Real, presidente dos hostaleiros de Lugo e de Galicia.

A organización tamén ten previsto realizar o habitual xantar de confraternidade, no claustro do mosteiro a partir das 14.30 horas. Contará o menú de polbo e churrasco con



patacas fritidas e ensalada. Terá un prezo de 30 euros e os menores de 10 anos pagarán 15.

Para completar a programación haberá varias actuacións musicais ao longo da xornada.

A retirada de convites para participar no xantar pode facerse en Casa Fidalgo, Bar Stop, Parrillada O Xeito e Casa Maestro de Matei antes do 10 de agosto.

portomarín

A vila acolleu un encontro do sector turístico do rural



Portomarín acolleu un encontro sobre o sector turístico e o Camiño de Santiago; e ao que asistiron alcaldes, portavoces e responsables de empresas relacionadas con este ámbito. Alegan que o turístico é un dos sectores onde España ten vantaxe competitiva con respecto aos demais membros da Unión Europea e os mercados internacionais. Representa o 12,2% do PIB e suma 2,4 millóns de empregos, pero aínda non alcanza as cifras anteriores á pandemia. En Galicia, as previsións para este ve-

rán son similares ás do pasado, cunha ocupación de entre o 70 e o 90% para xullo e agosto. O turismo rural está a recoller bos niveis de ocupación especialmente nalgunhas zonas como a Ribeira Sacra. De feito, nalgunhas rutas do Camiño de Santiago, o nivel de ocupación alcanza xa o 100%. Ademais, o impacto económico sobre o territorio dun peregrino é maior que o dun turista contribuíndo ao reequilibrio territorial, á xeración de tecido empresarial e á fixación de poboación.

Aprobado inicialmente o Plan Básico Municipal de Guntín

A Xunta avanza no seu obxectivo de que ningún concello galego estea sen planeamento urbanístico coa aprobación inicial do Plan Básico Municipal (PBM) de Guntín, unha ferramenta urbanística que pretende impulsar unha ordenación responsable e sostible dos concellos de menos de 5.000 habitantes para garantir un territorio ordenado.

Logo de indicar que tras este trámite o seguinte paso será iniciar o procedemento de información pública e solicitar todos os informes preceptivos previos para a súa aprobación definitiva, a vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, lembrou que os PBM son un aliciente para concellos rurais que, como é o caso de Guntín, se caracterizan por posuír un valioso patrimonio natural e cultural, e, ademais serven para impulsar un novo rural con actividades agrarias, gandeiras, forestais, tecnolóxicas, turísticas, culturais, etc.

As, tal e como explicou Ángeles Vázquez durante a sinatura desta aprobación inicial, na que estivo acompañada polo delegado territorial da



Xunta en Lugo, Javier Arias, no caso concreto de Guntín, este PBM delimita 1 ámbito de solo urbano consolidado e 129 núcleos rurais.

Ademais, esta ferramenta urbanística tamén cataloga un total de 239 elementos do patrimonio natural e cultural do municipio -111 arqueolóxicos, 77 arquitectónicos, 38 etnolóxicos e 13 Bens de Interese Cultural-. Ángeles Vázquez incidiu en que o obxectivo xeral destes plans básicos municipais é acadar un uso racional do territorio e a protección dos seus valores naturais e patrimoniais. Trátase, polo tanto, "dun documento moi respectuoso" e dunha ferra-

menta necesaria para os veciños que viven en Guntín e para quen queira investir neste municipio ao garantir o desenvolvemento dun urbanismo responsable.

Na actualidade, catro concellos galegos xa contan cun Plan Básico Municipal logo da aprobación dos de Riotorto, Trabada, Ribeira de Piquín e O Páramo. Segundo explicou a vicepresidenta segunda, na actualidade a Xunta está a traballar noutros 20 PBM, dos que 6 se atopan na última fase de tramitación -fase na que está Guntín-, 8 están en avaliación ambiental e 6 están elaborando a cartografía necesaria.

Dous colectivos localizan once novos xacementos arqueolóxicos

Adega-Lugo, en colaboración coa Asociación Mariña Patrimonio, presentou unha solicitude perante a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural para a inclusión de once novos xacementos arqueolóxicos no catálogo do patrimonio cultural de Galicia.

No pasado mes de maio, Adega-Lugo e Mariña Patrimonio levaron a cabo un traballo de revisión para detectar a presenza de xacementos arqueolóxicos sen catalogar nas proximidades dun parque eólico. O seu obxectivo era determinar a cantidade de bens patrimoniais que poderían estar en perigo durante as distintas etapas de construción deste parque eólico.

Durante o traballo realizado, Adega e Mariña Patrimonio centráronse na área do proxectado parque eólico do Picato, situado entre os concellos de Lugo e Guntín. Alí, con métodos sinxelos e ao alcance de todos, descubriron un elevado número de bens patrimoniais sen catalogar. Ata o momento, teñen identificados tres castros e oito mámoas que non fo-



ran detectados nin pola Xunta nin polos estudos arqueolóxicos das empresas eólicas, malia aos recursos cos que contan para este fin.

Un exemplo claro destes sitios arqueolóxicos en perigo é o Monte de Meda, onde a Xunta ten catalogadas dúas mámoas: a Mámoa do Monte do Picato 1 (GA27028167) e a Mámoa do Monte do Picato 2 (GA27023106). Entre estes dous sitios arqueolóxicos protexidos, onde a Xunta autorizou a instalación do aerogenerador A12, ADEGA e Mariña Patrimonio localizaron unha

terceira mámoa, non catalogada, a tan só 80 metros do aerogenerador A13 e a 150 metros do A12.

Este terceiro túmulo do Monte de Meda ten aproximadamente 20 metros de diámetro e presenta un bo estado de conservación. É perfectamente visible nas imaxes Lidar, que se poden consultar nos visores de mapas da Xunta de Galicia, así como no propio terreo.

Adega-Lugo e Mariña Patrimonio solicitaron a inclusión destes once novos xacementos no catálogo de bens patrimoniais de Galicia.



As xornadas viaxeiras do GDR Lugo continuarán na vila o 9 de setembro

O proxecto Descubrindo a Comarca de Lugo e as Terras da Ulloa con Guido Guía xa ten segunda data na súa programación: o sábado 9 de setembro, en Guntín. Lorena López (xerente do GDR-4), María José Gómez (alcaldesa de Guntín) e o propio Guido Álvarez presentaron unha xornada viaxeira que seguirá o mesmo esquema que a primeira de Friol: paseo guiado de 11h a 14h, picnic (haberá degustación de produtos locais) e música da comarca.

Este proxecto enmárcase nunha estratexia global do GDR-4, que xunto a Guido Álvarez Parga programan esta iniciativa que procurará poñer en valor as riquezas culturais, históricas, naturais, gastronómicas e artísticas de varios dos concellos das comarcas de Lugo e A Ulloa: Antas de Ulla, Castroverde, O Corgo, Friol,

Guntín, Monterroso, Outeiro de Rei, Palas de Rei, O Páramo e Rábade.

Guido Álvarez Parga (proxecto Guido Guía) é un turismólogo, profesor universitario (na Uned Lugo) e guía moi recoñecido a nivel lucense e galego polas súas iniciativas turísticas e culturais diferentes e innovadoras. Foi recoñecido cun dos premios Lucenses do ano 2020, co Travelers Choice da plataforma TripAdvisor nos anos 2022 e 2023, e outros galardóns que o acreditan na súa labor profesional. As inscricións das actividades son gratuítas, a través do correo info@comarcadelugo.gal ou do teléfono 982 23 80 00

Esta é a segunda data deste proxecto, a primeira tivo lugar o sábado 29 de xullo en Friol ás 11.00 horas, cun percorrido que se iniciou na Praza Andón Cebreiro.

Guntín conta cun campamento de verán de quendas semanais

O Concello de Guntín contará cun campamento de verán, Campa-Guntín, que deu comezo o día 10 de xullo e se prolongará ata o 1 de setembro en quendas semanais.

A inscrición para o mesmo, que ten un prezo simbólico, pode realizarse nas oficinas municipais ata os días previos ao inicio da semana e a admisión é por orde de entrada.

O campamento desenvolverase con xogos e moitas actividades de luns a venres en xornada de mañá, de 10 a 14.00 horas, abrindo algo antes para axudar aos pais a conciliar.

Admitiranse nenos a partir de catro anos e informarse sobre o proceso no teléfono 627 372 950.



O Concello implanta un grupo de Whatsapp para comunicarse cos veciños

Castroverde é outro dos concellos que implantarán a comunicación a través da aplicación de whatsapp do teléfono móbil.

Así o fará a través do número de teléfono municipal, o 982 312 080. Para unirse, os veciños deberán gardar este número no seu móbil e enviar unha mensaxe pola aplicación coa palabra

ALTA.

A través deste servizo o Concello comunicará tanto información de servizo, como diferentes novas da xestión municipal e tamén datas de eventos deportivos, culturais, etc.

Este servizo é gratuíto para os usuarios da aplicación de telefonía móbil.

rábade



A alcaldesa fai a primeira reunión co delegado da Xunta

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, mantivo senllas reunións de traballo cos rexedores de Monterroso, Eloy Pérez, e Rábade, Remedios González, para tratar asuntos de interese municipal.

Nesta reunión, que tivo lugar na Delegación Territorial, Arias destacou a colaboración do Goberno galego cos concellos, "especialmente cos de

áreas rurais, na dotación de infraestruturas e servizos que equiparen as condicións de vida e de traballo coas zonas urbanas e axuden a fixar poboación e crear emprego". O delegado sinalou que este é un obxectivo transversal e referiuse a algunhas iniciativas e programas de axuda que desenvolven as distintas consellerías.



PINTURA RÁPIDA. Pechou o concurso de Pintura Rápida de Rábade coa participación de 22 artistas e un primeiro premio que se levou Isabel Seidel, que recibirá 1.200 euros pola obra na que representa un dos arcos da ponte medieval. O segundo premio, dotado con 800 euros, foi para Benigno Rodríguez Sánchez, e o terceiro para Abraham Pinto Mendoza, que terá 600 euros. Ademais, Óscar Hernán Mínguez recibe 500 euros.

Analizan alternativas para poñer en valor a necrópole de San Miguel

Gran achado histórico en chan lucense. A asociación de Amigos do Patrimonio Castroverde desvelou que, o pasado mes de xuño, no lugar de Eirexe, na parroquia de San Miguel de Páramo do Concello de Castroverde, descubriuse unha das necrópoles de orixe altomedieval máis grandes de Galicia.

Ante o inesperado anuncio, o Concello de Castroverde anunciou que a necrópole non pode ser visitada xa que non está habilitada para tal fin.

"Dende o Concello de Castroverde a día de hoxe estamos en contacto coa Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia para ver como proceder para manter e protexer nas mellores condicións este descubrimento tan importante, unha vez teñamos todo en condicións xa o faremos público para que, por suposto, poida ser visitado e todos poidamos desfrutar del nas mellores condicións e sobre todo sen danalo". Unha das medidas que se poderían



utilizar para este fin sería unha ventá arqueolóxica. Segundo esperan requírese unha actuación urxente xa que unha vez abertas, os rigores do inverno poderían destruír os restos. O achado tivo lugar a consecuencia dos traballos de consolidación dos restos da casa reitoral que o Concello de Castroverde está a desenvolver nesta antiga edificación, situada sobre un castro e ao lado da igrexa parroquial.

Durante as últimas semanas, di a asociación, realizáronse traballos de escavación dirixidos polo arqueólogo

Francisco Hervés, que puxeron ao descuberto máis dunha vintena de tumbas paralelas e orientadas en dirección suroeste-nordeste, entre a reitoral e o camiño de acceso á igrexa. O xefe da intervención afirma que «o que fai especial a este xacemento é o número de sepulcros, maior do habitual, e a situación lineal dos corpos».

Froito destas actuacións, elaborouse un informe preliminar que se remitiu á Consellería de Cultura e Educación, que deberá decidir sobre o futuro do xacemento.

Regresará a tradicional Feira de Artesanía e Gastronomía o día 20

A vila de Castroverde celebrará o día 20 de agosto unha nova edición da Fiera de Artesanía e Gastronomía, que chega á súa XVI edición.

O programa, que se iniciará ás 10.00 horas coa apertura da feira, terá o seu eixe nas demostracións de oficios tradicionais e degustacións de produtos gastronómicos, todo isto completado con actuacións musicais.

Haberá unha demostración de elaboración de esculturas de madeira con motoserria a cargo de Eugenio Linares ás 11.30 e no tema musical destacan a actuación da Asociación Cultural e Musical Zuncurrundullo ás 12.00 horas, durante a inauguración oficial. Súmase tamén Legua Dereita do Corgo, ás 13.00 e Louband ás 14.00 horas, antes do xantar. Pola tarde volverá actuar este mesmo grupo ás 18.00 horas. O pregón, que estará a cargo do publicista Enrique González, será ás 13.30 horas e ás 16.30 haberá unha festa de inchables nas piscinas municipais.

Pechará a programación a actuación do circo Crunch, da compañía Muu, tamén nas piscinas, e unha



sesión de maxia a cargo do Mago Teto na praza do Concello ás 20.30 horas.

Esta data coincide coa feira quincenal, polo que será a feira máis destacada do ano.

Complementase a xornada cunha concentración de motos e coches clásicos no recinto feiral, unha das citas obrigadas desta feira, que celebra a súa IX xuntanza. Nela haberá premio para o coche e a moto máis antigos.

As persoas que desexen participar poden facelo inscribíndose gratuitamente nos teléfonos 646 204 723, 616 054 1990 e 636 060 724.

Uso das instalacións do CPI no verán

O Concello de Castroverde pon a disposición da veciñanza as instalacións deportivas e recreativas do CPI da localidade. Deste modo, as pistas e parque poderán ser usados durante o verán aproveitando o período de vacacións escolares. Esta medida ten como obxectivo ofrecer á mocidade lugares de esparcemento durante o verán.

Homenaxe veciñal

O colectivo Amigos do Patrimonio fará unha homenaxe ao veciño Sabino Besteiro Trashorras, membro deste colectivo, que faleceu no no 2022. O acto terá lugar o 5 de agosto e iniciárase ás 11.00 horas na Pallota (Areira-Soutomerille) coa saída dun percorrido pola Ruta de Soutomerille. Baixarán polo Camiño Primitivo desde As Cambas e volta á Pallota. Farase a homenaxe deixando liberdade aos participantes, como a lectura dun poema, un comentario, etc. Ás 14.00 horas terá lugar un xantar na Veiga do Olmo con empanada e lacón.

As persoas interesadas no xantar deberán anotarse previamente no 659 523 960 ou no correo amigospatrimoniodecastroverde@gmail.com antes do 2 de agosto. Para facer a ruta non é necesario anotarse.

COLABORACIONES

Nenos e abuso da tecnoloxía. Dano silencioso

O PUPITRE



Julio Díaz

A tecnoloxía inunda cada vez máis a nosa vida diaria en todos os ámbitos que nos poidamos imaxinar.

Os nenos de antano nacían cun pan baixo o brazo, os nenos de hoxe nacen practicamente cun aparato tecnolóxico nas súas mans. Dende moi novos, familiarízanse cos móbiles, coas tabletas, TV e forman parte do seu hábitat natural.

Somos moitas veces os mesmos adultos os que promovemos o uso destas tecnoloxías para tranquilizar e mantelos ocupados para que

non molesten. Craso erro facer un uso destas como pacificador emocional dos nosos menos, cando o que debería ser era ensinalles a controlar as súas emocións, ensinalles técnicas para calmarse e analizar con eles as posibles resolucións aos conflitos que xorden no día a día.

A Organización Mundial da Saúde (OMS) establece que os bebés de 0 ata 2 anos non deben ter ningún contacto con dispositivos electrónicos. Os rapaces de 3 a 5 anos deben limitar o seu uso a 1 hora diaria como máximo, mentres que os de 6 a 18 anos a 2 horas por día.

Aprender a falar máis tarde, moita peor psicomotricidade e un importante aumento na frustración son consecuencias do manexo de pantallas en menores de 3 anos cando o

seu cerebro está en pleno desenvolvemento e se ve exposto a multitude de estímulos para os que non están preparados a procesar.

Un estudio realizado con nenos de entre seis meses e dous anos confirmaba que estes están demasiadas horas ao día en contacto con smartphones, tablets, TV, teñen niveis máis baixos en mielina. A mielina é unha substancia que recubre os axóns das neuronas, o que permite que a conectividade neuronal e a súa velocidade sexan as adecuadas. É dicir, se hai diminucións da mielina, o procesamento cerebral é máis lento.

A mellor maneira de estimular un pequeno para o desenvolvemento da linguaxe é a interacción con outros nenos e con adultos.



Ademais de afectar a unha correcta adquisición da linguaxe, o uso das pantallas pode tamén afectar no corpo emocional. Distintos estudos suxiren que a exposición excesiva contribúe a un aumento de ansiedade, depresión e problemas de sono no nosos menos/as. Tamén ao illamento social e son tamén máis propensos/as ao acoso e ao bullying a través dos medios dixitais.

En termos de saúde física obsérvase unha asociación entre a exposición prolongada ás pantallas cun maior risco de obesidade infantil. Os nenos "dixitalizados" pasan largas horas fronte a dispositivos electrónicos levando unha vida sedentaria, que limita a súa participación en actividades físicas e aumenta a posibilidade de desenvolver problemas de peso e saúde.

Destacar, para rematar, que dentro das distintas competencias clave que establece a LOMLOE, a "Competencia Dixital" pon en valor que se debe aplicar o uso seguro, saudable, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas.

O éxito do humilde

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

A primeira fin de semana de xullo tivo lugar o vixésimo oitavo Festival do Río Castro, en Narahío, unha das sete parroquias que forman o concello de San Sadurniño, a carón das Pontes en dirección a Ferrol, termo municipal de apenas cen quilómetros cadrados que atravesaron ducias de homes chairegos hai varias décadas para traballar nos asteiros, buscando un mellor porvir para eles e as súas familias. Podería deducirse que estamos a falar dun evento moi semellante a outros moitos que teñen lugar pola xeografía galega na época estival, mais cómpre darlle o valor que merece. En primeiro termo, que un lugar con medio milleiro de veciños leve organizando un festival de música durante case trinta anos, resulta de un mérito a destacar. É

todo un éxito, sen lugar a dúbidas, o resultado acadado ano tras ano. En segundo lugar, a innovación que supuxo a presentación que levou a cabo a asociación veciñal, dándolle relevancia aos dous bares que continúan abertos na parroquia, con cadansúa actuación musical. Respecto ás actividades programadas, durante toda unha xornada teñen lugar desde a inicial sesión vermú ata xogos para nenos e competicións de deportes rurais, finalizando coa verbena onde o protagonismo teno a música tradicional galega coa presenza de varios grupos. E por suposto, non se pode esquecer que é unha romaría campestre onde por parte dos participantes dan conta de deliciosas merendas ao longo da tarde.

O festival celébrase nun entorno de evidente beleza paisaxística, a carón do río Castro, de aí o nome, que no seu percorrer pola zona pódense observar pozas e rápidos, ademais dunha espectacular ferverza, a cal co salto de auga duns seis metros de altura chama

a atención do visitante. E ninguén debería marchar de Narahío sen achegarse ao seu Castelo, unha construción da que se descoñece exactamente cando foi realizada, que atesoura unhas reminiscencias históricas moi importantes, xa que foi obxecto das revoltas Irmandiñas no século XV, polas cales foi destruído, aínda que posteriormente fora erguido de novo. Finalmente, desde 1603, segundo consta, sería abandonado de maneira definitiva, utilizando as súas pedras para construír tanto as casas de arredor como a propia presa e a mini central hidroeléctrica que se atopa no río. Na actualidade, este monumento que foi declarado como Ben de Interese Cultural, mantén a Torre da Homenaxe, á cal se pode ascender, disfrutando dunhas fantásticas vistas.

Pois nesta espectacular contorna, desde os anos oitenta, a veciñanza de Narahío organiza este festival ao que non só acuden xentes de San Sadurniño e da bisbarra, senón doutras partes de Galicia. É

O RECUNCHO DE CANELINA



un exemplo no que o entusiasmo dos lugareños, a súa implicación e compromiso, así como o amor polo propio, con humildade pero con ambición, xere esta realidade que cumpriu vinte e oito anos. De aí que merezan aplauso e recoñece-

mento á labor desenvolvida durante todo este tempo. Grazas persoas como elas, esa Galicia que perde poboación e que se avellenta permanece viva e chea de dignidade. Xa falta menos para XXIX e alí estaremos.

DEPORTES

O PP propón abrir as instalacións dos colexios fóra do horario escolar

O PP propón abrir as instalacións deportivas dos colexios fóra do horario escolar ás tardes e fins de semana. Esta iniciativa que presentaron os responsables de deportes e educación, Enrique Rozas e Javier Vázquez, busca ofertar máis espazos para o desenvolvemento de actividades deportivas tanto para os clubs como para a veciñanza a título individual. Javier Vázquez explicou que o uso compartido implica que “as partes se comprometen a sufragar de maneira proporcional os gastos derivados do aumento da intensidade do uso das instalacións” matizando “o efecto dinamizador desta colaboración institucional en barrios onde non hai infraestruturas deportivas”. Esta iniciativa presentouse ao carón da pista polideportiva cuberta do antigo colexio do Sagrado Corazón un espazo que quedou en desuso hai dous anos. O PP reclamou en reiteradas ocasións que se fixeran as negociacións oportunas coa entidade bancaria propietaria para que se abrise á veciñanza do barrio pero “o goberno local fixo oídos xordos”. Os populares afirman que “ordenando os espazos públicos evitarían moitas das entradas a escondidas de rapazada”.

O CD Lugo arrinca a pretempada

O Club Deportivo Lugo arrinca a súa pretempada 23/24 baixo as ordes do novo adestrador, Pedro Munitis. O primeiro equipo conta cunha vintena de activos, entre fichaxes e renovacións. A eles súmanse outros dez procedentes do equipo filial.

O calendario de pretempada do equipo xa está en marcha e arrincou o pasado 28 de xullo co primeiro dos amistosos previstos, o que disputaron co CF Porto B en Melgaço e que rematou con vitoria para os albivermellos (0-2).

A primeira semana de agosto farán dobrete en terras luguesas, o 2 enfrontouse ao Castilla en Viveiro e o 5 será ante o Compostela en Foz. O calendario levaralos tamén a xogar o 11 de agosto co Arenteiro en Carballiño e co Celta Fortuna en Viveiro o 15. A última cita será o Real Avilés o 19 de agosto antes de que de comezo a liga a fin de semana do 26 e 27 de agosto.

OS XOGADORES. O Lugo formalizou a última fichaxe con Sergio Aguzá. Aguzá (02-09-92; Sant Boi de Llobregat) desempéñase na posición de mediocentro, e aterrará no Anxo Carro tras unha importante traxectoria acumulada no fútbol profesional. Outros dos fichaxes do equipo é o de César Morgado, defensa central que chega procedente do CE Sabadell



tralo seu paso por Córdoba CF, Mérida AD, Cultural Leonesa, Valencia Mestalle e CD Badajoz. César Morgado firmou por unha tempada, máis outra opcional. Tamén se incorpora Alberto López, lateral esquerdo, que desenvolveu os últimos anos a súa vida deportiva co Mallorca e o Real Murcia. Javier Vázquez, que se consolidou o ano pasado como un dos laterais novos de maior proxección na Segunda División, como parte da canteira do Sevilla, foi outra das últimas incorporacións.

A este súmanse as do dianteiro Thiago Ojeda, cedido polo Villarreal; ou Sabit Abdulai, natural de Ghana, que desenvolve as posicións de pivote e mediocentro tralo seu paso por Extremadura, Getafe e Ponferradina. Tamén se incorporou o defensa central Gorka Pérez (Bilbao Athletic) ou Carlos Julio (da República Dominicana),

que se desenvolve como lateral dereito.

Do Porto chegou este ano Gonçalo Tabuaço, que defenderá a rede albivermella e as primeiras incorporacións da tempada corresponderon a Lucas Díaz, tamén como porteiro; Bernardo Cruz, como defensa central, e Willy Ledesma, como dianteiro centro. Pola contra, foi traspasado desde ao SD Huesca Miguel Loureiro e deixou o equipo Marc Carbó. Destaca a saída de Julen Fernández, comunicación que fixo o club sen dar máis explicacións. Tamén comezou a adestrar co Lugo o extremo belga Andy Kawaya, do que se espera que se incorpore a o club.

A Real Federación Española de Fútbol deu a coñecer o calendario para a tempada 2023-24 en Primeira Federación. O conxunto albivermello recibirá na primeira xornada ao CD

Teruel e terminará o ano en casa fronte ao CE Sabadell.

FILIAL. Roberto Fernández Alvarellos será o encargado de dirixir os destinos do conxunto filial da entidade, o CD Lugo B.

O ex xogador albivermello, con traxectoria no club como adestrador de porteiros do primeiro equipo, así como técnico de categorías inferiores, chega ao filial amurallado para pilotar o seu percorrido en 3ª RFEF, coa mira posta na competición e na formación de mozos activos.

Cunha brillante traxectoria no mundo do fútbol ao máis alto nivel, Roberto Fernández concluíu o seu periplo como futbolista profesional nas filas do CD Lugo, para comezar despois a súa etapa nos bancos.

Forman parte do club Brais Vázquez, Xavi Cidre, Izan Serrano, Noah Rodríguez, Noel Teixeira, Pablo Martínez, Diogo Andrezzo, Jorge Candal, Mateo Dean, Roberto Colucci, Antón Núñez, Markel García, Julio Lansade, David Guitián, Jeshoua Morales, Jorge Maceira e Hugo Hernández.

Xunto a Roberto Fernández estarán Antón Méndez, David Morilla (preparador físico), Fernando Currás (adestrador de porteiros), Álex Martín (fisioterapeuta) e Fran Fernández (delegado).

Comezan as obras no Anexo



Comezaron tamén os traballos de renovación no Anexo. As obras previstas supoñen un investimento de 320.000 euros e contemplan a colocación dun novo pavimento e a renovación das paredes laterais, solventando as problemáticas acumuladas polo deterioro e as filtracións de auga ao recinto.

O novo pavimento, con certificación FIBA para a categoría de pavimentos de madeira de competición, elevarase sobre a base de formigón a través de elementos puntuais, impedindo que calquera elemento de madeira entre en contacto coa base de formigón,

permitindo así a ventilación do pavimento.

Por outra banda, a Xunta de Goberno aprobou a adjudicación do contrato de subministración, instalación e montaxe dos asentos do Pazo dos Deportes, por un importe de 171.157 euros.

A actuación permitirá renovar as bancadas supletorias, que contan con dúas mil prazas, mellorando a confortabilidade de usuarios e usuarios e dando un aspecto homoxéneo ás gradás. Os novos asentos son de cor azul e teñen respaldo pregable, para garantir a mobilidade das bancadas.

O Breogán completa o equipo

O CB Breogán pechou xa o equipo para a próxima tempada, na que se produce unha renovación importante de xogadores.

De feito, dúas renovacións foron as primeiras en coñecerse, a do aleiro serbio Stefan Momirov, que rematou a tempada máis recente sumando 5,9 puntos de media e 2,5 rebotes en 31 partidos. Tamén renova Toni Nakić. O internacional croata foi un dos máis sólidos na súa primeira tempada en Liga Endesa, promediando co Río Breogán 8,6 puntos, 3,1 rebotes e 1,3 asistencias en 28 partidos cunhas porcentaxes de 46% en tiros de 2 e 40% en triplas).

A terceira confirmación foi a do celeste Sergi García, o base natural de Palma de Mallorca. Disputou 33 partidos na súa primeira campaña en Lugo, aportando 6,6 puntos, 2,7 rebotes e 2 asistencias de media.

Son moitas máis as fichaxes, que comezaron co aleiro lituano Matas Jogela, de 24 anos e 2,01 metros de altura procedente do Neptunas Klaipeda. Este xogador vén de

recibir o galardón que o recoñece como o xogador con mellor progresión da liga lituana.

Tamén se uniu ao Río Breogán o croata Matej Rudan, que chegou ao Bayern de Munich alemán en 2018 onde deu o salto ao primeiro equipo na tempada 20/21. Ten 22 anos e 2,08 de altura chegando do Mega Masket serbio. Rudan é internacional con Croacia en todas as categorías.

Outras dúas fichaxes que entraron de forma continuada foi Anthony Polite, o exterior de 1,98 e 25 anos procedente do Hamburgo alemán, e o base esloveno Zan Mark Sisko. Este último ten 25 anos e 1,91 m e procede do Bayern Munich.

O Río Breogán chegou a un acordo para que o pivote de orixe senegalesa e pasaporte italiano Mouhamet Diouf vista a camiseta celeste a próxima tempada. O pivote de 21 anos e 2,06m, internacional con Italia, procede do Reggio Emilia co que participou en BCL. Diouf (Dakar, Senegal, 10 de setem-

bro de 2001) é un xogador novo e de gran proxección, con capacidade atlética, bos movementos e que pode axudar tanto no rebote como na anotación.

Tamén se lle deu a benvida a Juan Fernández, pivote argentino con 2.10 m de altura e 29 anos e xogou o curso pasado en Fuenlabrada.

INTERNACIONAL. No capítulo de xogadores internacionais, o Breogán recibiu ao pivote lituano Matynas Sajus. Trátase dun xogador de 2,08 m e 27 anos con experiencia en Europa e en Liga Endesa.

Formado no Zalgiris Kaunas, xogou tamén en Polonia, en Liga Endesa na campaña 2020/21 con Manresa, na primeira liga alemá e en Turquía.

A última incorporación é a de Albert Ventura. O aleiro de 1,92 e 31 anos procede do Joventut de Badalona. Será a quinta cota para os partidos de BCL e complétase o persoal. Con respecto ao equipo técnico, tamén chega Óscar Viana, que dirixirá a preparación física.

“Necesitamos un acordo das administracións para coidar o río”

José Luis Rois Losada é vogal do Club Fluvial e o encargado de piragüismo

O último fin de semana de xullo representantes do Club Fluvial de Lugo acudiron a Trasona, en Avilés, a participar na 51 edición do Campionato de España de Jóvenes Promesas onde compiten nas categorías cadete e infantil e que é unha das regatas máis importantes do ano. Nesta ocasión, o Club Fluvial acadou o mellor resultado da súa historia e nunca antes un club da provincia conseguira nove medallas nesta competición. Grazas aos resultados desta proba conseguiron un histórico terceiro posto na Liga Nacional de Jóvenes Promesas.

Como nace o proxecto de piragüismo dentro do Club Fluvial?

A sección de piragüismo nace ao mesmo tempo que o club, os primeiros fundadores do Club Fluvial como sociedade eran moi afeccionados ao piragüismo e á natación e decidiron no ano 1935 comprar a finca onde estamos actualmente e o muíño que había orixinariamente aí. Pero o club de piragüismo fórmase de xeito oficial na Federación Española no ano 1938 ou 1939 que é o momento no que comezamos a participar en competicións oficiais. Un dos promotores, dos que primeiro deron comezo a esta actividade, foi Serafín Caridad que foi o primeiro adestrador de moitos dos que despois continuaron levando o club como Cuesta, Chilarés, Misioné ou Mus.

Como foros os primeiros anos e como é o proceso de crecemento?

O Club Fluvial é o club máis antigo de Galicia e o segundo máis antigo de España e xa nos primeiros anos desprazábase a todos os campionatos de España e a todas as regatas importantes que había naquel momen-

to. Nos anos cincuenta chegouse a ser un dos clubs máis importantes de España e desde entón mantense vivo grazas á promoción dentro dos seus socios e fillos de socios e tamén con todos os rapaces de Lugo interesados, porque non é necesario ser socio para participar do equipo de piragüismo.

Cantas persoas forman parte actualmente do equipo?

Agora mesmo temos arredor dunhas trescentas licencias pero o equipo de competición conta dende benxamíns ata veteranos cunhas cento trinta persoas. As outras licencias son persoas que practican este deporte pero non acoden ás competicións.

Como é a competición?

A competición de piragüismo comeza a finais de febreiro co campionato galego de inverno e dura ata finais de outubro. Nese tempo vanse levando a cabo os diferentes campionatos nas distintas categorías. Actualmente a competición máis importante que hai en España é a Liga Nacional organizada pola Federación e que está composta por catro probas que son, o Campionato de España de Inverno, o Campionato de España de Sprint e dúas Copas de España. Con estes resultados conformase unha clasificación xeral por categorías e na categoría sénior masculina rematamos na terceira posición, a mellor clasificación na historia do club.

Despois están os campionatos galegos, tanto de verán como de inverno, e tamén asistimos a regatas internacionais. Unido a isto están os Campionatos de España de Jóvenes Promesas que se corresponden coas categorías cadete e infantil e a maiores outras competicións para máis

pequenos como alevín, benxamín e prebenxamín. O piragüismo dende xuño ata outubro é unha competición constante todas as fins de semana en diferentes categorías.

Os meses que non compiten tamén realizan adestramentos?

Non realizamos paróns, hai que preparar no inverno para despois obter os resultados no verán, entón temos que adestrar todo o ano. No inverno realizamos máis adestramento de ximnasio pero sempre se está en contacto coa auga.

Cales son obxectivos do club?

O club ten dúas liñas de traballo. Por un lado a elite onde temos como obxectivo mantermos nos primeiros postos da liga nacional. O club está estruturado por un lado con esta xente que adestra dunha forma máis dura e vai a competicións importantes e con outra liña de promoción.

Nos temos actualmente participando na liga provincial de piragüismo, que son seis competicións que teñen lugar ao longo do ano na provincia para categorías dende xuvenil para abaixo, a uns oitenta pedaxeiros co obxectivo principal de promoción. Nós todos os anos temos que sacar dos cursos de promoción entre vinte e trinta rapaces para que se integren no equipo principal ao ano seguinte. Entón as liñas de traballo son esas, por arriba hai que preparar un equipo competitivo para obter bos resultados nas competicións e por abaixo a promoción.

Que aporta o piragüismo que non aportan outros deportes?

Principalmente o contacto coa natureza, somos uns privilexiados ao estar practicando este deporte na marabilla de contornas fluviais que temos tanto en Galicia, como no



norte de España. Engadido a isto o piragüismo aporta todo o que aporta calquera outro deporte, os valores intrínsecos que están na práctica deportiva que te obrigan a levar un ritmo de vida san e unha rutina. Ademais a fortaleza mental e física que che da este deporte despois de pasar un inverno en Lugo. Todo o conxunto aporta aos rapaces unha serie de valores que os fai persoas fortes, resistentes, con capacidade de traballo e respectuosas coa natureza.

Teñen algunha necesidade como club actualmente?

Supoño que como todos un pouco máis de cartos pero a nosa principal necesidade é que as autoridades se poñan de acordo para coidar o entorno do río Miño, que reparen os caneiros e que tomen medidas porque é unha pena ver o estado dalgunhas zonas do río debido a que

están sen reparar. E non so para facer un uso deportivo do río Miño senón para que todo o mundo poda desfrutar deste entorno natural. Ese é o principal problema que temos, que nos imos quedar sen un sitio onde poder remar en Lugo.

Algún momento ou logro que recorde especialmente ou con agarimo?

Pois temos tres medallas olímpicas, medallas en campionatos do mundo, innumerables campionatos de España de moitos pedaxeiros do club pero quizais o recordo máis especial que teño é cando un dos rapaces do club entra no centro de tecnificación e forma parte do equipo nacional.

Como ve o futuro?

O futuro eu vexo con optimismo xa que a categoría cadete e infantil vén xente punteira a nivel nacional e iso vainos garantir o futuro da reposición do equipo sénior.

Oito medallas para o Porta Miñá no campionato de España júnior

Grandísimos resultados para os nadadores do CN Porta Miñá no Campionato de España Absoluto da categoría júnior de Málaga e que os sitúan cada vez máis preto dos grandes clubs nacionais de natación.

Clasificáronse para numerosas finais e ademais conseguiron dous records galegos absolutos en relevos.

Conseguíronse 2 medallas de ouro, 3 de prata e 3 de bronce. Destacou o 6º posto absoluto en relevos de 4x100 estilos masculino, algo inimaxinable ata hai pouco tempo.

“Un orgullo que un club que desenvolve a súa actividade na piscina municipal de Frigsa do Concello de



Lugo, ao que estamos eternamente agradecidos, consegue estes resultados pelexando fronte a outros equipos que dispoñen de grandes infraestruturas e medios deportivos, o que demostra que con traballo e ilusión conséguense tamén grandes

resultados”, din desde o club.

“A representación do PortaMiñá foi a mellor de todos os equipos galegos ao que felicitaron e recoñeceron este novo gran resultado e a enorme tempada que acaban de finalizar”, engaden.

A TENDA DE FINGOI
ABRIMOS TODOS LOS DÍAS

PANADERÍA
FRUTERÍA
ALIMENTACIÓN

SERVICIO A DOMICILIO
Calle Armórica 102, bajo - Lugo. Tel.: 982 225 409

DE RUTA EN RUTA

Ribeira de Piquín: Ruta da Fervenza

Trátase dun tramo de algo máis de catro quilómetros que vai desde o Chao do Pousadoiro ata o Muíño de García

Ribeira de Piquín está situada dentro da Reserva da Biosfera Eo, Oscos, Terras de Burón e garda no seu interior paraxes de gran beleza natural que poderemos coñecer a través das diferentes rutas que percorren este concello.

Unha destas rutas é que vai dende o Chao do Pousadoiro ata o Muíño de García, denominada PR-G 229 e que ten unha distancia total de catro quilómetros e trescentos metros, con dificultade baixa, que poderemos realizar en aproximadamente dúas horas.

A área recreativa do Chao do Pousadoiro será o punto de inicio e o lugar onde se acompaña o tempo poderemos desfrutar da súa praia fluvial. Dende a área recreativa colleremos camiño pola marxe esquerda do río Eo desde onde observaremos terreos de cultivo antes de adentrarnos nas carballeras, amieirais e salgueirais que compoñen parte da paisaxe fluvial.

Continuando dous quilómetros polo camiño e tras atravesar as desembocaduras dos afluentes Salgueiro, Rendide e Castro chegaremos á ponte colgante de Colado de Lamas. Neste punto o percorri-



do non cruza a ponte pero é recomendable realizar unha pequena desviación para facelo e así poder observar as fermosas vistas. Ademais este lugar está vinculando a unha lenda que conta que durante as Guerras Carlistas leváronse a cabo enterramentos de persoas vivas a causa do asolagamento do terreo.

A ruta continúa polo camiño de terra, na mesma marxe pola que viñamos, ata chegar ás Veigas de Montefurado tras camiñar un quilómetro e, moi preto, está a estación de aforo da CHN, encargada de controlar as aportacións dos caudais do río Eo. Xa finalizando o percorrido atoparemos a ponte de Montefurado e continuando pola marxe do río poderemos observar a desembocadura do río Lúa e máis arriba a do río Rodil.

Por último atoparemos o desvío para coñecer o Muíño de García onde hai dous túneles, un deles que pertence ao muíño e data do ano 1892 e outro que pertence á época romana e que era utilizado para desviar o curso do río Rodil

e recoller as pebidas de ouro. O muíño foi construído en 1892 e está formado por dúas rodas movidas utilizando a forza da auga. En 1930 o muíño sufriu unha remodelación para poder subministrar enerxía eléctrica a varios núcleos de Ribeira de Piquín.

Se dispoñemos de máis tempo e gañas, a uns cinco quilómetros do muíño podemos visitar a igrexa de San Xoán do Vaos. Un tempo no que se poden observar auténticos cranios como elemento decorativo que están incrustados na parede do atrio.



DATOS



2 horas



4 quilómetros



Dificultade
Baixa



federópticos
Lukus - Audiocentro

Conde Pallares, 2
27001 - Lugo
T. 982 24 56 17
T. 609 27 52 76